

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei de Reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia**.

Preámbulo

O noso himno refírese a Galicia como a “nazón de Breogán”. Este recoñecemento do carácter nacional de Galicia reafirma a forte identidade histórica da nosa comunidade e os seus trazos específicos, que se plasman nunha lingua e cultura propias que expresan a nosa singular e matizada percepción do mundo.

En consonancia con esa específica e sólida identidade, forxada a través da historia, Galicia intentou dotarse de instrumentos políticos de autogoberno xa dende finais do século XIX, momento en que os Precursors e as voces más preclaras do Rexurdimento puxeron remate aos séculos escuros.

No transcurso da Segunda República, Galicia conseguiu aprobar un proxecto de Estatuto, norma que adquiriu estado parlamentario nas Cortes de Montserrat e que non chegou a entrar en vigor pola interrupción forzada do período democrático.

A aprobación da Constitución de 1978 permitiu reabrir o proceso estatutario. Resultado dese proceso foi a elaboración e aprobación do Estatuto de Autonomía de 1981, que demostrou ser unha excelente folla de ruta para o pobo galego e unha moi positiva experiencia de autogoberno no marco dun modélico proceso democrático marcado polo consenso.

Vintecinco anos despois, que integran probablemente a etapa máis fecunda da nosa historia, cómpre revisar esa norma estatutaria e dotarnos dun instrumento xurídico-político que nos permita afrontar con garantía de éxito os desafíos dun tempo novo. Un tempo que se caracteriza polos profundos cambios xeopolíticos, económicos, culturais e tecnolóxicos que

fan necesaria unha posta a punto da norma que regula o noso marco de convivencia.

A entrada de España na Unión Europea, a consolidación das nosas institucións de autogoberno, a necesidade de regular os novos dereitos de cidadanía que melloran a calidade da nosa democracia, o reforzamento do noso ámbito competencial, a adecuación da ordenación e organización territorial ás novas realidades demográficas e económicas; fan necesaria a modificación do marco estatutario para dotarnos dunha ferramenta útil para atender de xeito eficaz as demandas da cidadanía e mellorar a súa calidade de vida.

Despois de case que tres décadas de exemplar funcionamento, comprobamos que o estado das autonomías derivada da Constitución de 1978, produciu un rápido e eficaz proceso de descentralización. Logo de superada esa etapa, fanse necesarias reformas que modernicen o modelo territorial. Reformas para profundizar no autogoberno, esgotando todas as posibilidades descentralizadoras que ofrece a Constitución para achegar a administración aos cidadáns. E reformas que, ao mesmo tempo, desenvolvan e perfeccionen os mecanismos de cohesión territorial, solidariedade e cooperación institucional.

Este proceso de modernización do estado das autonomías só é posible dende unha perspectiva global e plural de España, que Galicia sempre defendeu.

O novo Estatuto é froito dun proceso de ampla participación social, que reflicte os criterios das forzas económicas, sociais, educativas e culturais do país, e do diálogo e do acordo entre as forzas políticas que representan a vontade da cidadanía galega.

Título preliminar

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Artigo 1. -Galicia

1. Galicia, como nacionalidade histórica, no exercicio do seu dereito de autogoberno constitúese en Comunidade Autónoma de conformidade coa Constitución e co presente Estatuto, que é a súa norma institucional básica.
2. Os poderes da Comunidade Autónoma emanan do pobo galego, da Constitución e do Estatuto.

Artigo 2. Valores e principios

1. A Comunidade Autónoma susténtase nos valores de liberdade, igualdade, xustiza, pluralismo, solidariedade e paz.
2. Os poderes públicos galegos asumen como tarefa principal a defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses e promoven a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social.
3. Os dereitos, liberdades e deberes fundamentais das galegas e dos galegos son os establecidos na Constitución e no Estatuto e mais os recoñecidos no ordenamento xurídico da Unión Europea e nos instrumentos internacionais ratificados por España, en particular a Declaración universal de dereitos humanos.
4. Os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen, como un dos principios reidores da súa política social e económica, o dereito das galegas e dos galegos a viviren e traballen en Galicia.

Artigo 3. Lingua

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia. Todos teñen dereito ao uso de calquera das dúas linguas oficiais, e os cidadáns de Galicia o dereito e o deber de coñecelas.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o exercicio dos dereitos lingüísticos e promoverán o cumprimento deste deber. Así mesmo, potenciarán a utilización do galego en todos os ordes da vida pública, cultural e informativa.
4. Ninguén poderá ser discriminado por razón da lingua.
5. O galego, como lingua propia, é a de uso normal nas administracións públicas e nos diversos niveis do ensino, de acordo co disposto en lei do Parlamento de Galicia.
6. As administracións autonómicas e locais, e os entes e organismos dependentes das mesmas, para o exercicio da opción lingüística dos cidadáns, garantirán o coñecemento das dúas linguas oficiais polo persoal ao seu servizo, de acordo co disposto en lei do Parlamento de Galicia.
7. A Xunta de Galicia fomentará o recoñecemento do galego na Unión Europea, así como a presenza e utilización da lingua propia nos organismos internacionais.
8. A Xunta de Galicia promoverá e difundirá o galego no exterior, singularmente entre as comunidades galegas, a través dos mecanismos de colaboración procedentes con outras administracións. Tamén cooperará con aquellas comunidades con presenza de galegofalantes para a conservación e valorización do patrimonio lingüístico común.
9. A competencia para a fixación da variedade estándar da lingua galega correspónelle á Real Academia Galega.

Artigo 4. Territorio

O territorio de Galicia é o comprendido dentro dos límites xeográficos e administrativos dos concellos que integran a Comunidade Autónoma.

Artigo 5. Cidadanía galega

1. Para os efectos do presente Estatuto, gozan da cidadanía ou condición política de galegas e galegos as españolas e os españois que, de conformidade coa lei, teñan veciñanza administrativa en calquera dos concello de Galicia.
2. Como galegas e galegos, gozan dos dereitos políticos definidos neste Estatuto as españolas e os españois residentes no estranxeiro que tivesen a súa última veciñanza administrativa en Galicia e acreditasen esta condición segundo a lexislación vixente. Gozarán tamén destes dereitos os seus descendentes inscritos como españois, se así o solicitasen na forma que determine a lei.

Artigo 6. Comunidades galegas no exterior

1. As comunidades galegas asentadas fóra de Galicia poderán solicitar o recoñecemento da súa galeguidade, entendida como dereito a colaboraren e compartiren a vida social e cultural do pobo galego. Unha lei do Parlamento regulará o alcance e o contido deste recoñecemento.
2. Os poderes públicos galegos fortalecerán os vínculos coas comunidades galegas no exterior, prestaranlle a asistencia que precisen e garantiranllles o exercicio dos seus dereitos e a defensa dos seus intereses.

Artigo 7. Dereitos históricos

1. Galicia posúe dereitos de seu derivados da súa historia e tradicións culturais e xurídicas, amparados polo disposto nos artigos 2, 3 e 149.1.8º, na disposición transitoria segunda e outros preceptos da Constitución.

2. Estes dereitos históricos están na base do presente Estatuto e das competencias sobre as institucións de autogoberno, a organización territorial, o dereito civil e a lingua e a cultura propias.

Artigo 8. Símbolos nacionais de Galicia

1. Son símbolos de Galicia a bandeira, o escudo e o himno. A súa regulación e réxime protocolario deberán ser fixados por lei do Parlamento de Galicia.
2. A bandeira de Galicia é branca, cunha banda diagonal de cor azul que a atravesa dende o ángulo superior esquierdo ao inferior derecho.
3. Institúese o 25 de xullo como Día Nacional de Galicia.

Artigo 9. Capitalidade

A capital de Galicia fixase en Santiago de Compostela, onde teñen a súa sé o Parlamento e o Goberno de Galicia.

Artigo 10. Eficacia territorial das normas da Comunidade Autónoma

1. As leis e demais disposicións xerais da Comunidade Autónoma terán eficacia territorial, excepto nos casos nos que sexa legalmente aplicable o estatuto persoal e outras normas de extraterritorialidade. Os estranxeiros que adquiran a nacionalidade española quedarán suxeitos á veciñanza civil galega se no momento da súa adquisición tivesen a veciñanza administrativa en Galicia, salvo que manifesten a súa vontade en contra.
2. O dereito civil de Galicia terá eficacia persoal e será de aplicación a todas as persoas que posúan a veciñanza civil galega.

Título I. Dereitos, deberes e principios reitores

Capítulo I . Disposicións xerais

Artigo 11. Dignidade e igualdade das persoas

Todas as persoas teñen dereito ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, a viviren con dignidade, seguranza e autonomía, libres de explotación e malos tratos.

Todas as persoas son iguais perante a lei. Prohibese toda discriminación no exercicio dos dereitos, no cumprimento dos deberes e na prestación dos servizos contemplados neste título, baseada en calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Poderán establecerse accións positivas en beneficio de sectores, grupos ou persoas desfavorecidas.

Artigo 12. Ámbito

Os dereitos recoñecidos neste título vinculan a todos os poderes públicos e, segundo a súa natureza, tamén aos particulares.

Todas as persoas con veciñanza en Galicia son titulares e destinatarios dos dereitos e dos deberes establecidos no presente título, podendo ampliarse o seu ámbito de aplicación nos termos que sinale a lei.

Capítulo II. Dereitos

Artigo 13. Dereitos das persoas

1. Homes e mulleres teñen dereito á igualdade de oportunidades en todos os ámbitos.
2. Todas as persoas teñen dereito a formar unha familia nos termos previstos nas leis. As distintas modalidades de familia, teñen dereito, sen ningún tipo de discriminación, á protección e ás vantaxes establecidas polos poderes públicos.

No ámbito competencial da Comunidade Autónoma, as parellas non casadas gozan dos mesmos dereitos que as casadas nos termos que a lei determinará.

3. Ninguén poderá ser discriminado por causa das súas características xenéticas, diversidade funcional ou orientación sexual.
4. Prohibese o traballo forzado, o traballo infantil, o tráfico de seres humanos e a escravitude.
5. Recoñecese o dereito á protección dos datos persoais. Este dereito comprende, nos termos que a lei establecera, o de acceso, rectificación e cancelación, así como a esixencia do consentimento expreso para o seu tratamento, modificación ou cesión.

Artigo 14. Dereitos sociais

1. Todas as galegas e todos os galegos teñen dereito a uns niveis básicos de benestar establecidos por lei do Parlamento que, en todo caso, incluirán os seguintes dereitos:
 - a) Acceder en condicións de igualdade ás prestacións da rede de servizos sociais de responsabilidade pública.

- b) Obter unha renda básica que asegure unhas condicións de vida dignas e, en todo caso, a recibila dos poderes públicos nos termos previstos na lei.
- c) Acceder en condicións de igualdade a vivendas de protección pública e a outras formas de axuda nos termos que a lei establecera.
2. Todas as persoas con diversidade funcional teñen dereito á plena integración social e a súa autonomía persoal.
3. Todos os menores e todas as menores teñen dereito á atención integral para o seu desenvolvemento persoal e para o seu benestar no ámbito familiar e social.

Artigo 15. Dereitos no ámbito da educación

1. Todos os cidadáns teñen dereito a unha educación baseada nos valores constitucionais e comprometida coa realidade galega, garantida mediante un sistema educativo público e de calidade.
2. O ensino público, consonte co carácter aconfesional do Estado, é laico. Os poderes públicos deberán garantir o dereito que asiste a pais e nais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral acorde coas súas conviccións .
3. Todos os cidadáns teñen o dereito a accederen en condicións de igualdade aos centros educativos sostidos con fondos públicos, baixo criterios que eviten calquera discriminación.
4. Todos os cidadáns teñen o dereito a un ensino gratuito nos niveis obligatorios.
5. Todos os cidadáns teñen o dereito a accederen, en condicións de igualdade, ao sistema público de axudas e becas ao estudio nos niveis non gratuitos, en función dos seus recursos económicos, e de acordo cos principios de mérito e capacidade.

6. Todos os cidadáns teñen o dereito a accederen á formación profesional e á educación permanente nos termos que estableza a lei.

7. As persoas con necesidades educativas especiais teñen o dereito á súa efectiva integración no sistema educativo, para o que disporán dun apoio específico e compensatorio.

Artigo 16. Dereito á saúde

1. Todas as persoas teñen o dereito á prevención e protección integral da saúde mediante un sistema sanitario público, universal, de calidade e gratuito nos termos que a lei sinalar.

2. Os usuarios do sistema sanitario galego teñen dereito:

- a) A seren informados sobre os servizos e prestacións do sistema e dos dereitos que lles asisten.
 - b) A daren o consentimento antes dunha intervención, logo da información sobre as súas características e riscos.
 - c) A elixiren médico e centro sanitario, nos termos que a lei estableza.
 - d) Ao respecto á súa personalidade, dignidade humana e intimidade así como a non recibir ningún tratamento ou práctica degradantes.
 - e) Á garantía dun tempo máximo para o acceso aos servizos e tratamentos.
 - f) A disporen dunha segunda opinión médica, nos termos que se establecer.
 - g) A recibiren tratamentos paliativos.
 - h) A accederen ó seu historial clínico, así como á confidencialidade dos datos relativos á súa saúde e ás súas características xenéticas.
3. Todas as persoas teñen o dereito a recibiren coidados paliativos e a vivir os últimos momentos con dignidade, así como a inscribir nun rexistro a

vontade vital anticipada, nos termos que unha lei do Parlamento de Galicia estableza.

4. Todas as persoas teñen o dereito á saúde sexual e reprodutiva, nos termos establecidos nos instrumentos internacionais.

Artigo 17. Dereitos no ámbito laboral

1. Todas os cidadáns teñen o dereito ó acceso gratuito aos servizos públicos de emprego, en condicións de igualdade, así como a promoverse e formarse profesionalmente.

2. Todos os cidadáns teñen dereito a accederen ao emprego público en condicións de igualdade, consonte os principios de mérito e capacidade.

3. Todo traballador e traballadora ten dereito á limitación da duración máxima do traballo, a períodos de descanso diarios e semanais, así como a un período de vacacións anuais retribuídas.

4. Todas as persoas teñen o dereito a traballaren en condicións que respecten a saúde, seguranza e dignidade das persoas, sen ningún tipo de discriminación. Establécese a prohibición do traballo por baixo da idade de escolarización obligatoria.

5. Os traballadores e traballadoras, directamente ou a través dos seus representantes, teñen dereito á información, á consulta e á participación na empresa, así como á negociación colectiva e á folga, nos termos que determinen as leis.

6. As organizacións sindicais e empresariais teñen dereito ao cumprimento das súas funcións na negociación colectiva e á representación institucional no ámbito da Comunidade Autónoma.

Artigo 18. Dereitos medioambientais

1. Todas as persoas teñen dereito a un urbanismo racional e equilibrado así como a vivir nun medio ambiente sustentable e saudable, de acordo cos niveis de protección que establezan as leis, así como a gozar dos recursos naturais, do contorno e da paisaxe en condicións de igualdade.
2. Todos os cidadáns teñen o dereito a accederen á información medioambiental de que disponan os poderes públicos
3. Os poderes públicos deberán garantir a protección efectiva fronte ás distintas formas de contaminación, de acordo cos estándares e niveis que se determinen por lei, así como unha atención rápida e eficaz en caso de catástrofes que incluirá, de ser o caso, a reparación dos danos sufridos polas persoas, os bens e o medio ambiente de acordo co que legalmente se estableza.

Artigo 19. Dereitos en relación coa cultura

Todas as persoas teñen dereito a acceder en condicións de igualdade á cultura e ao goce dos bens do patrimonio cultural galego, así como a desenvolver as súas capacidades creativas.

Artigo 20 Dereitos de participación.

Os cidadáns e as cidadás teñen o dereito de participar nos asuntos públicos de Galicia, directamente ou por medio de representantes, nos termos que estableza a Constitución, este Estatuto e as leis. Este derecho comprende, en todo caso:

- a) O derecho de sufraxio activo e pasivo.
- b) O derecho a promover e presentar iniciativas lexislativas ante o Parlamento de Galicia
- c) O derecho de petición.

d) O dereito de promover a convocatoria de consultas populares e a participar nas mesmas.

e) O dereito a participaren na elaboración das disposicións de carácter xeral.

Artigo 21. Dereito á boa administración

Os cidadáns e as cidadás, nas súas relacóns coas administracións públicas, teñen os seguintes dereitos:

1. A un trato imparcial e obxectivo por parte dos poderes públicos de Galicia e a que a actuación destes sexa dilixente e proporcionada ás finalidades que a xustifican.
2. A accederen, en condicións de igualdade, a uns servizos públicos de calidade debendo as administracións públicas fixar os niveis de calidade dos mesmos, con independencia do réxime da súa prestación.
3. A accederen aos expedientes nos que sexan interesados e obter copia da documentación incluída neles, así como a obter información dos poderes públicos sobre os proxectos ou actuacións que estes emprendan.
4. A accederen aos rexistros e arquivos das administracións públicas nos termos previstos nas leis.
5. A formularen solicitudes, consultas, reclamacións e recursos diante das administracións públicas e a que sexan resoltas en prazos razonables, así como a recibir as indemnizacións e xustiprezos que lles correspondan sen retrasosinxustificados.
6. A ser ouvidos na elaboración de plans e disposicións xerais, ben sexa directamente, ben sexa a través de asociacións representativas, nos termos previstos nas leis

7. A unha xustiza áxil e de calidade, sen dilacions indebidas, e ao acceso gratuíto á mesma nos termos que sinale a lei.

Capítulo III. Deberes

Artigo 22. Deberes.

1. Son deberes dos cidadáns e das cidadás de Galicia:

- a) Participar nos asuntos públicos.
- b) Colaborar coas administracións e entidades ou institucións públicas de Galicia no desenvolvemento das súas tarefas e no bo funcionamento dos servizos públicos.
- c) Colaborar no caso de catástrofes ou en situacións de emergencia.
- d) Contribuír ao sostento do gasto público en función da súa capacidade económica.
- e) Conservar o medio ambiente.
- f) Usar responsablemente e respectar os bens públicos, e o patrimonio cultural e natural.
- g) Facer un uso responsable e solidario das prestacións e dos servizos públicos.
- h) Coidar e educar os fillos e atender aos maiores.

2. O incumprimento destes deberes poderá ser sancionado nos termos que dispoñan as leis.

Capítulo IV. Principios orientadores das políticas públicas

Artigo 23. Principios orientadores no ámbito cultural

Os poderes públicos en Galicia terán como principios orientadores no ámbito cultural:

- a) A defensa da identidade de Galicia e a promoción da lingua e da cultura propias, como patrimonio que debe ser obxecto de especial respecto e protección.
- b) A recuperación e potenciación , o fomento e a difusión da nosa cultura, o acceso á mesma e o respecto da súa diversidade.

Artigo 24. Principios orientadores no ámbito social e económico.

Recoñécense como principios orientadores no ámbito social e económico:

- a) A eliminación do sexismo, a xenofobia, a homofobia e o belicismo, especialmente mediante a educación en valores nos que se fomente a igualdade, a tolerancia, a liberdade e a solidariedade.
- b) A protección social, xurídica e económica da familia.
- c) A perspectiva de xénero, como criterio de carácter transversal, nas políticas públicas autonómicas.
- d) A protección integral das mulleres contra da violencia de xénero, con medidas preventivas e asistenciais así como con axudas públicas.
- e) A conciliación da vida laboral e persoal e a corresponsabilidade de homes e mulleres nas tarefas sociais e doméstica , así como garantir que non se produza discriminación por causa de embarazo ou maternidade .
- f) O acceso a unha vivenda digna, nas condicións que a lei determine.

g) O fomento do pleno emprego, do emprego estable e de calidad, a prevención de riscos laborais, a formación permanente e a promoción profesional.

h) A integración e a igualdade social, favorecendo a erradicación das causas de marxinación e exclusión social.

i) A concertación dos axentes económicos e sociais e o diálogo social, promovendo un espazo galego de relacóns laborais.

j) A atención integral aos menores para o seu desenvolvemento persoal e benestar

l) A defensa dos dereitos das persoas maiores e a promoción da súa integración social e autonomía.

ll) A garantía do desenvolvemento persoal, autonomía e plena integral social das persoas con necesidades especiais.

m) A integración da mocidade na vida social e laboral, favorecendo a súa emancipación.

n) A integración laboral, económica, social e cultural dos inmigrantes.

o) O retorno e integración dos emigrantes galegos.

p) A promoción dunha educación de calidad, impartida dentro do respecto aos valores democráticos e comprometida coa realidade de Galicia.

q) A procura do coñecemento das lingua oficiais da comunidade autónoma, así como de, cando menos, outra lingua oficial da Unión Europea, ao remate do ensino obligatorio.

q) A promoción dun sistema público de saúde universal, integral, eficiente e de calidad.

r) A modernización dos sectores produtivos estratégicos de Galicia, mediante o fomento da capacidade emprendedora, a investigación e a innovación.

s) A protección e promoción das formas de propiedade comunal existente en Galicia, nomeadamente os montes veciñais en mao común.

Artigo 25 Principios no ámbito ecológico e territorial

Son principios orientadores das políticas públicas no ámbito ambiental e territorial:

- a) A promoción dun urbanismo de calidade, sen especulación e baseado no uso racional do solo.
- b) A protección da paisaxe de Galicia, e, en particular, do litoral e das áreas con valores ecológicos ou estéticos relevantes.
- c) A conservación e mellora do medio ambiente mediante a utilización racional e sustentable dos recursos naturais, a rexeneración e protección da biodiversidade e o fomento da reutilización de bens e produtos. A política hidráulica asegurará a disponibilidade, o saneamento e o consumo racional da auga.
- d) A adopción de medidas específicas de protección e rexeneración da flora e da fauna, en especial das especies autóctonas e da súa biodiversidade .
- e) A loita contra a contaminación, a minimización do impacto ambiental e a prevención e reacción contra as catástrofes, desde o principio de precaución e responsabilidade.
- f) O fomento das enerxías renovables e o aforro e eficiencia enerxética.
- g) O equilibrio económico e social entre as distintas zonas de Galicia, especialmente entre a costa e o interior.

h) O deseño e execución dunha rede viaria que permita unha circulación fluída e segura, así como políticas de transporte baseadas en criterios de sustentabilidade, fomento do transporte público e garantía de accesibilidade para persoas con mobilidade reducida.

Artigo 26. Principios no ámbito político e da Administración

Son principios orientadores das políticas públicas no ámbito da participación cidadá e nas relacións coa Administración:

- a) A prestación de servizos públicos de calidade, que actúen con transparencia e eficacia , sen dilacións e con accións proporcionadas aos fins.
- b) A aprobación dos correspondentes catálogos e cartas de dereitos da cidadanía que recollan as características das prestacións de servizos.
- c) O fortalecemento da sociedade civil e o fomento do asociacionismo. A promoción da participación da cidadanía na vida política, social, económica e cultural de Galicia.
- d) A formación dunha opinión pública libre, promovendo un espazo informativo galego plural e abierto.
- e) A información obxectiva e imparcial das actividades dos poderes públicos.
- f) O acceso á sociedade da información, así como o uso das novas tecnoloxías da información, mediante os medios e os recursos que se establezan por lei, especialmente por parte dos poderes públicos galegos para mellor satisfacer os obxectivos de eficacia e axilidade na tramitación administrativa e na difusión da información. Por lei do Parlamento de Galicia creárase unha Axencia de Protección de Datos.
- g) A protección de consumidores e usuarios, mediante unha información veraz e comprensible e un réxime de garantías diante de condutas abusivas, negligentes ou fraudulentas.

h) A garantía da seguridade alimentar e do acceso a alimentos saudables.

i) A aplicación do principio de precaución, en especial en materia de investigación científica e técnica e de aplicación práctica dos seus resultados.

j) A cooperación para o desenvolvemento doutros pobos e comunidades.

Capítulo V. Eficacia e garantía dos dereitos e dos principios

Artigo 27. Eficacia dos dereitos.

1. Os poderes públicos autonómicos están vinculados polos dereitos e principios reitores incluídos neste Estatuto e velarán pola súa protección e respecto, así como polo cumprimento dos deberes pola cidadanía.
2. As previsións deste Título non poden interpretarse de xeito que se reduza ou limite a eficacia dos dereitos fundamentais e liberdades públicas que a Constitución recoñece. Tampouco suporán unha alteración do réxime constitucional de distribución de competencias.
3. O Consello Consultivo de Galicia ditaminará a conformidade dos proxectos de lei co Estatuto e co resto do ordenamento xurídico e, en particular, cos dereitos e liberdades que nel se recoñecen.

Artigo 28. Tutela dos dereitos

1. Os actos e normas regulamentarias dos poderes públicos que vulneren os dereitos recollidos no Capítulo 2 deste Título poderán ser obxecto de recurso diante da xurisdición correspondente, de acordo cos procedementos que establezan as leis. Salvo os casos especiais que se contemplan na lei, o coñecemento destes recursos deberá corresponder ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

2. Corresponderá ao Valedor do Pobo, ademais da supervisión da actividade das administracións públicas de Galicia, no que atinxe á observancia dos dereitos e liberdades, recibir as queixas xeradas pola vulneración dos dereitos garantidos na Constitución, así como dos recoñecidos no Capítulo 2 do presente título.

Artigo 29. Eficacia informadora dos principios orientadores das políticas públicas.

Os poderes públicos de Galicia actuarán para o logro dos principios do Capítulo III deste Título, que informan de xeito preferente a lexislación e todas as políticas públicas e as actuacións xudiciais e administrativas.

O cumprimento destes principios orientadores poderán ser xudicialmente esixible nos termos que a lei sinale.

Titulo II – O poder galego

Capítulo I. O Parlamento

Artigo 30. Natureza.

1. O Parlamento representa ao pobo galego, constitúe a institución central do debate político, exerce a potestade lexislativa, aproba os orzamentos, impulsa e controla a acción da Xunta de Galicia, e desempeña as restantes competencias e funcións que lle sexan estatutaria ou legalmente atribuídas.

2. O Parlamento de Galicia é inviolable.

Artigo 31. Composición e elección.

1. O Parlamento estará integrado por un mínimo de sesenta e un máximo de oitenta e cinco deputados e deputadas, elixidos para un período de catro anos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto.

2. A Lei electoral garantirá unha representación axeitada de todos os territorios de Galicia sobre a base dun sistema proporcional; o cumprimento do principio de igualdade de xénero nas listas electorais coa incorporación de criterios de paridade na súa elaboración; as causas de inelixibilidade e incompatibilidade, e a participación das galegas e dos galegos residentes no estranxeiro .
- 3.-. A lei electoral deberá asegurar unha representación mínima homoxénea de cada circunscripción e distribuirá os restantes escanos atendendo á poboación
4. Os membros do Parlamento serán inviolábeis polos actos, votos e opinións que emitan no exercicio do seu cargo, aínda- despois de cesaren na súa condición de deputados e deputadas. Durante o seu mandato non poderán ser detidos nin retidos polos actos delituosos cometidos no territorio de Galicia, agás no caso de flagrante delito, correspondendo decidir, en todo o caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Fóra do ámbito territorial de Galicia a responsabilidade penal será esixible nos mesmos termos perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.
5. As deputadas e os deputados non estarán suxeitos a mandato imperativo.

Artigo 32. Organización e funcionamento.

1. O Parlamento goza de autonomía organizativa, financeira, administrativa e disciplinaria.
2. O Parlamento elixirá de entre os seus membros ó presidente ou á presidenta, a Mesa e a Deputación Permanente.
3. O Parlamento aprobará por maioría absoluta o seu propio Regulamento que determinará o seu réxime de sesións, a formación dos grupos parlamentares, a elección, composición e funcionamento da Mesa e da Deputación Permanente, así como aqueloutras cuestións que afecten aos

procedementos lexislativos e de control político e da acción de Xunta de Galicia.

4. O Parlamento aprobará autonomamente o seu orzamento e o estatuto do persoal ao seu servizo.

5. O Parlamento funcionará en Pleno e en Comisións, que poderán ter carácter permanente ou temporal. Nas Comisións estarán representados todos os grupos parlamentares en proporción ao número de membros no Pleno. As Comisións permanentes poderán ter competencia lexislativa plena, sen prexuízo da capacidade do Pleno para abocala no seu favor en calquera momento do proceso lexislativo.

6. O Parlamento poderá constituír comisións de investigación para asuntos de interese público

7. O Parlamento celebrará sesións ordinarias ou extraordinarias. As sesións extraordinarias serán convocadas polo seu presidente ou presidenta a pedimento dunha quinta parte dos seus membros, da Deputación Permanente ou da Xunta de Galicia.

8. Os deputados e deputadas, nos termos que o Regulamento do Parlamento estableza, exercen a iniciativa Lexislativa, impulsan e controla na acción do Goberno.

9. Os acordos serán adoptados por maioría dos membros presentes, sen prexuízo das maiorías especiais que estableza o presente Estatuto ou as leis. Para que os acordos sexan válidos o Parlamento deberá contar coa asistencia da maioría dos seus membros.

Artigo 33. Funcións.

Ao Parlamento correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Exercer a potestade lexislativa.
- b) Aprobar os orzamentos anuais

- c) Elixir, entre os seus membros, ao presidente ou presidenta da Xunta de Galicia.
- d) Impulsar e controlar a acción do Goberno galego esixindo, de ser o caso, a súa responsabilidade política e do seu presidente.
- e) Controlar a adaptación aos seus ditados da lexislación delegada e a ratificación ou validación, no seu caso, dos decretos lexislativos e dos decretos leis que, en situacíons de necesidade extraordinaria e urxente, promulgara a Xunta de Galicia.
- f) Presentar Proposicións de lei perante as Cortes Xerais ou solicitar do Goberno do Estado a adopción de Proxectos de lei.
- g) Designar aos senadores ou senadoras que han de representar a Galicia, asegurando en todo o caso unha axeitada representación proporcional dos grupos parlamentarios. O seu mandato abranguerá o tempo da correspondente lexislatura do Parlamento de Galicia.
- h) Propor os membros que han de integrar o Consello de Xustiza de Galicia e más os das outras altas institucións de Galicia, de conformidade co previsto neste Estatuto.
- i) Interpor recursos de inconstitucionalidade, persoarse perante o Tribunal Constitucional e, en xeral, intervir en cantes preitos deste carácter afectaren ás competencias ou aos intereses de Galicia.
- j) Traspor a lexislación europea ao ordenamento galego, cando para tal fora preciso ditar normas con rango de lei.
- k) Controlar os medios de comunicación social de titularidade da Comunidade Autónoma e designar, cando proceda, aos membros dos seus consellos de Administración.
- l) Cantas outras lle foren asignadas por este Estatuto, polo seu Regulamento ou polas leis.

Artigo 34. Elaboración das leis.

1. A lei do Parlamento expresa a vontade xeral e democrática do pobo galego e apróbase polo voto favorable da mayoría dos parlamentarios presentes, debidamente convocados e cun quórum de asistencia non inferior á metade dos membros da cámara, coas excepcións previstas no actual Estatuto ou nas leis.
2. As leis que afectan á organización territorial, ao réxime electoral ou á organización das institucións básicas requirirá no voto favorable da mayoría absoluta do pleno do Parlamento nunha votación final sobre o conxunto do proxecto, agás para aqueles supostos para os que o Estatuto esixa maioría cualificada.
3. As leis de Galicia serán promulgadas en nome de El-Rei polo presidente da Xunta, e publicadas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado. Para efectos da súa entrada en vigor, rexerá a data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 35. Delegación lexislativa

1. O Parlamento pode delegar no Goberno a potestade de ditar normas con rango de lei, que se denominarán decretos lexislativos.
2. Non poderán ser obxecto de delegación a reforma do Estatuto, as materias reservadas a leis de desenvolvemento estatutario básico nin os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
3. A delegación lexislativa deberá ser expresa, aprobada por lei, para unha materia concreta e cun prazo máximo para o seu exercicio.

Non poderá entenderse concedida de xeito implícito nin por tempo indeterminado, sen que caiba tampouco a subdelegación en autoridades distintas ou inferiores ó Goberno de Galicia.

A delegación esgótase cando o Goberno publica o decreto lexislativo correspondente ou cando a Xunta se atopar en funcións.

4. Cando o obxecto da delegación parlamentaria fora a elaboración dun texto articulado, aprobarase unha lei de bases, que fixará con precisa claridade os principios e criterios para o seu exercicio, sen que en caso ningún poda autorizar a modificación da propia lei de bases nin autorizar a emanación de normas retroactivas.

5.- Se o obxecto da delegación for a redacción dun texto refundido, o Parlamento aprobará unha lei ordinaria de delegación, que especificará o ámbito lexislativo a refundir, determinando se a delegación alcanza simplemente a formular un texto único, sen creación ex novo de dereito ou se, pola contra, permite regularizar, esclarecer e harmonizar os textos legais que han de ser refundidos. No seu caso, a lei de delegación precisará se a refundición pode integrar, xunto cos de rango legal, textos regulamentares.

6.- O control do exercicio da lexislación delegada poderá efectuarse a medio da ratificación parlamentaria do decreto lexislativo, sen prexuízo do control xudiciais e de calquera outro control adicional que o Parlamento poda incluír na lei de delegación.

Artigo 36. Decreto Lei

1. En caso de extraordinaria e urxente necesidade ao Goberno de Galicia poderá ditar disposicións lexislativas provisionais en forma de decretos-leis, que non poderán ter por obxecto a reforma do Estatuto, nin afectar ás materias reguladas polas leis de desenvolvemento estatutario básico ou proceder a aprobación dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

2. Os decretos-leis quedarán derogados se no prazo improrrogable de 30 días subseguiente á súa promulgación non son convalidados expresamente polo Parlamento tras un debate e votación de totalidade. Durante o prazo establecido no parágrafo anterior, o Parlamento poderá iniciar a tramitación do decreto-lei como proxecto de lei polo procedemento de urxencia.

Artigo 37. Iniciativa lexislativa.

1. A iniciativa lexislativa corresponde aos deputados e deputadas, ao Parlamento e a Xunta de Galicia.
2. Recoñécese a iniciativa popular para a presentación de Proposicións de Lei perante o Parlamento de Galicia. O seu exercicio será regulado por lei.
3. Para a defensa e promoción dos seus intereses e competencias, recoñéceselles aos entes locais iniciativa lexislativa perante o Parlamento de Galicia, nos termos que a lei establecer,
4. Os proxectos de lei serán aprobados polo Consello da Xunta, que os someterá á Parlamento, acompañados dunha exposición de motivos, dos antecedentes necesarios para se pronunciar sobre eles e dunha memoria que avalíe os custos orzamentarios e os efectos sociais.

Capítulo II. O presidente ou a presidenta de Galicia

Artigo 38. A Presidencia da Xunta de Galicia.

1. O presidente ou a presidenta de Galicia (**do Goberno de Galicia**) será elixido polo Parlamento de Galicia de entre os seus membros e será nomeado por El Rei.
2. O presidente ou presidenta do Parlamento, previa consulta coas forzas políticas representadas parlamentariamente, e oída a Mesa, proporá un candidato a presidente ou presidenta da Xunta.

O candidato presentará os seu programa ao Parlamento. Para ser elixido o candidato deberá, en primeira votación, obter maioria absoluta; de non obtela, procederse a unha nova votación vintecatro horas despois da anterior, e a confianza entenderase outorgadas e obtivese maioria simple.

Se transcorrido o prazo de dous meses a partir da primeira votación, ningún candidato obtivera a mayoría o presidente ou presidenta en funcións convocará novas eleccións.

3. O presidente ou presidenta de Galicia será politicamente responsable perante o Parlamento. A Lei reguladora da Xunta de Galicia, de desenvolvemento estatutario básico, determinará o alcance de tal responsabilidade, así como o estatuto persoal do presidente ou presidenta e as súas atribucións.

Artigo 39. Competencias do presidente ou presidenta da Xunta de Galicia

1.O presidente ou presidenta de Galicia dirixe e coordina a acción do Goberno e ostenta a suprema representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Galicia.

2. Correspónelle ó presidente ou presidenta de Galicia da Xunta de Galicia

a) Promulgar as leis, decretos-lexislativos e decretos-leis e ordenar a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

b) Disolver o Parlamento de Galicia mediante decreto, que fixará a data das eleccións, previa consulta e deliberación do Goberno. En ningún caso caberá nova disolución se non transcorreu un ano dende a anterior ou estivese en trámite unha moción de censura.

c) Subscribir acordos e convenios de colaboración con outras comunidades autónomas.

d) Determinar mediante decreto a estrutura orgánica básica da Xunta de Galicia.

e) Nomear e cesar ós membros do Consello da Xunta de Galicia.

f) Convocar e presidir as reunións do Consello da Xunta e das súas comisións delegadas.

3. Como representante ordinario do Estado en Galicia, correspóndelle ao presidente ou presidenta:

a) Promulgar en nome de El-Rei as leis e normas con rango de lei e ordenar a súa publicación.

b) Coordinar a cooperación entre a Xunta de Galicia e os cargos institucionais do Estado en Galicia.

c) As demais que regulen as leis.

4. O presidente ou presidenta poderá delegar temporalmente funcións executivas nun dos membros do Consello da Xunta de Galicia.

Capítulo III. Da Xunta de Galicia

Artigo 40. A Xunta de Galicia

1. A Xunta de Galicia é o órgano colexiado de Goberno de Galicia que dirixe a política interior e a acción exterior , así como a administración autonómica.

2. A Xunta de Galicia está composta polo presidente, vicepresidente ou vicepresidentes, se fora o caso, e máis os conselleiros.

3. A lei de desenvolvemento estatutario básico da Xunta de Galicia regulará a súa organización así como as atribucións e o estatuto persoal dos seus membros. Os seus integrantes non poderán exercer outras funcións representativas que as propias do mandato parlamentario, nin función pública distinta da que derive do seu cargo, nin actividade profesional ou mercantil de ningunha caste.

4. A Xunta de Galicia responde perante o Parlamento de forma solidaria, sen prexuízo da responsabilidade directa de cada un dos seus componentes, pola súa xestión.

5. Os membros do Consello da Xunta, durante o seu mandato e polos actos delituosos cometidos no territorio de Galicia, non poderán ser detidos nin retidos a non ser en situación de flagrante delito, correspondendo decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Fóra deste territorio a responsabilidade penal será esixible nos mesmos termos perante a sala do Penal do Tribunal Supremo.

6. A Xunta cesa trala celebración de eleccións ó Parlamento e nos casos de perda da cuestión de confianza ou aprobación de moción de censura, dimisión, incapacidade, condena penal firme que inhabilite para o desenvolvemento de cargo público ou falecemento do presidente ou presidenta. Unha lei do Parlamento regulará a situación do Goberno en funcións, que se limitará á mera xestión ordinaria dos asuntos públicos e, que en ningún caso, incluirá a aprobación de proxectos de lei, a presentación de cuestión de confianza ou a disolución do Parlamento.

Artigo 41. As competencias da Xunta de Galicia

1. A Xunta de Galicia exerce a función executiva e a potestade regulamentaria de conformidade con este Estatuto, a Constitución e as leis.

2. Correspónelle tamén á Xunta de Galicia:

a) Ditar decretos lexislativos nos casos de delegación expresa do Parlamento.

b) Ditar decretos-leí, en caso de extraordinaria e urxente necesidade.

c) Aprobar os regulamentos executivos das leis, as medidas regulamentarias necesarias para a execución dos tratados e convenios internacionais e máis para a transposición do Dereito europeo ao ordenamento galego, cando non se requira para elo norma con rango de lei.

d) Determinar a estrutura orgánica dos seus departamentos, criar ou suprimir as comisións delegadas, nomear e cesar aos altos cargos da administración autonómica, así como resolver os conflitos de atribucións interdepartamentais.

3. A Xunta de Galicia poderá interpor recursos de inconstitucionalidade e persoarse perante o Tribunal Constitucional nos supostos e termos previstos na Constitución e na Lei Orgánica do Tribunal Constitucional.

Artigo 42. Cuestión de confianza

O presidente ou presidenta pode presentar diante do Parlamento, previa deliberación do Consello da Xunta, unha cuestión de confianza que se entenderá outorgada cando a voten a favor a maioría dos deputados e deputadas. Se o Parlamento negase a súa confianza ao presidente ou a presidenta da Xunta entenderase cesado e procederase á elección de novo presidente ou presidenta.

Artigo 43. Moción de Censura

Unha quinta parte dos deputados ou deputadas do Parlamento pode presentar unha moción de censura para esixir a responsabilidade política da Xunta de Galicia. A moción que terá que incluír un candidato á Presidencia da Xunta non será votada ata cinco días despois da súa presentación. Se a moción prosperase o presidente ou presidenta da Xunta censurado cesará e o candidato ou candidata proposto quedará investido da confianza do Parlamento. No caso de que non fora aprobada por maioría absoluta, os asistentes non poderán presentar outra moción de censura no mesmo período de sesións.

Capítulo IV. Administración Pública

Artigo 44. A Administración pública galega

1. A Administración pública galega serve con obxectividade os intereses xerais de Galicia e réxese na súa actuación polos principios de transparencia, eficacia, proporcionalidade, interdición da arbitrariedade, participación, confianza lexítima, desconcentración, coordinación e boa administración, con sometemento pleno á lei e ao dereito.
2. A lei regulará o réxime xurídico das administracións galegas, o seu procedemento de actuación, o estatuto dos funcionarias e funcionários públicos galegas, o acceso á función pública segundo os principios de igualdade, mérito e capacidade, o sistema de incompatibilidades e as garantías para a imparcialidade no exercicio das súas funcións.

Artigo 45. Participación cidadá

Mediante lei regularase a participación cidadá na actuación administrativa e en particular:

- a) A participación dos cidadáns nos procedementos administrativos ou de elaboración de disposicións que lles afectaren.
- b) O acceso aos arquivos e rexistros, sen menoscabo das garantías constitucionais e estatutarias, poñendo a disposición dos mesmos os medios tecnolóxicos necesarios para elo.
- c) A oferta de características de prestación dos servizos a través dos correspondentes catálogos e cartas de dereitos da cidadanía.

Capítulo V. A Organización territorial de Galicia

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Artigo 46. Organización territorial de Galicia

1. Galicia contará cunha organización territorial propia que, a parte de concellos e provincias que xa teñen recoñecida a súa autonomía na Constitución, estará constituída por entes supramunicipais con personalidade xurídica, territorio e competencias propias, que poderá adoptar entre outras a forma de Áreas Metropolitanas, Áreas Urbanas e Comarcas. Estas entidades deberán ser creadas e reguladas por leis do Parlamento de Galicia.
2. A lei regulará o estatuto xurídico e as competencias das parroquias rurais como unidades de organización e participación no ámbito municipal.

Artigo 47. Agrupación de municipios

Recoñécese o dereito das entidades locais a asociarse entre si e con outras administracións públicas, a través de mancomunidades ou consorcios, para promoción dos seus intereses comúns, así como para a realización de tarefas de cooperación para o exercicio das súas competencias. A Xunta de Galicia fomentará estas asociacións.

Artigo 48. Competencias locais

1. Garántese aos entes locais territoriais un núcleo de competencias propias que exercerán con plena autonomía política e financeira e con subxección aos controis de constitucionalidade e legalidade.
2. Dentro do ámbito competencial da Comunidade Autónoma definido polo presente Estatuto, o Parlamento de Galicia poderá atribuír a estes entes de acordo coa súa capacidade de xestión e atendendo aos principios de subsidiariedade, diferenciación e suficiencia financeira, competencias propias en entre outras as seguintes materias: ordenación, xestión,

Partido dos Socialistas de Galicia

execución e disciplina urbanística; consumo; cultura; deportes; educación; emprego; xuventude; medio ambiente; organización e fomento da actividade económica; patrimonio histórico; política da muller; protección civil; sanidade; servizos sociais; transporte; turismo e vivenda.

3. A lei garantirá o dereito dos concellos e dos demais entes locais a participaren en cantes asuntos afectaren directamente á comunidade local que os sustenta, atribuíndolle a tal fin as potestades e competencias precisas.
4. A Xunta de Galicia fixará os mecanismos para o financiamento dos novos servizos derivados da ampliación do espazo competencial dos entes locais.

Artigo 49. Consello de entes locais

1. O Consello de entes locais é o organismo de representación das entidades locais de Galicia. deberá ser oído na tramitación de iniciativas lexislativas e de normas regulamentarias que afectaren de forma específica aos entes locais.
2. Unha lei do Parlamento de Galicia regulará a súa composición, organización e funcións. A súa composición deberá axustarse en todo caso aos principios de pluralidade política e territorial.

Artigo 50. Competencia do Goberno de Galicia sobre as súas institucións territoriais de autogoberno

1. Correspónelle á Comunidade Autónoma, respectando a garantía institucional establecida pola Constitución nos artigos 140 e 141, a competencia exclusiva sobre organización territorial que abrangue, en todo caso, o seguinte:
 - a) A determinación, creación, modificación e supresión das entidades que configuran a organización territorial específica de Galicia

b) A creación, supresión e alteración dos termos dos entes locais que poidan constitúirse, así como a súa denominación, capitalidade e símbolos.

c) O establecemento mediante lei dos procedementos de relación entre as entidades locais e a poboación, respectando a autonomía local.

2. Corresponde tamén á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de réxime local que, respectando o principio de autonomía local, inclúe:

a) As relacións entre a Xunta de Galicia e os entes locais, así como as técnicas de organización e de relación para a cooperación e a colaboración entre os entes locais e entre estes e a administración autonómica, incluíndo as formas de convenios, consorcios e mancomunidades.

b) A determinación das competencias e potestades propias dos concellos e demais entes locais, nos ámbitos especificados neste Estatuto de Autonomía.

c) O réxime de bens de dominio público, comunais e patrimoniais, e as modalidades de prestación dos servizos públicos.

d) O réxime dos órganos complementarios da organización dos entes locais.

e) A regulación do réxime electoral dos entes locais creados polo Parlamento de Galicia.

3. Así mesmo, correspónelle á Comunidade Autónoma a competencia compartida sobre réxime local en todo o non establecido no apartado 2 anterior.

4. No marco da regulación xeral do Estado, consonte ao artigo 149.1.18 da Constitución, correspónelle á Comunidade Autónoma a competencia sobre facendas locais, consonte ao establecido no Título IV e a tutela financeira dos entes locais, respectando a autonomía destes.

Artigo 51. Relacións interadministrativas no eido local

1. A Xunta de Galicia fomentará as fusións de municipios co fin de lograr que estes acaden unhas dimensións territoriais e poboacionais axeitadas para a máis eficaz e completa prestación de servizos para os cidadáns.
2. A Xunta de Galicia poderá exercer a potestade de coordinación dos servizos prestados polos gobiernos provinciais, das súas competencias en materia de cooperación ás obras e aos servizos municipais e noutros ámbitos que así o requira a Comunidade Autónoma e que serán determinados por lei. En todo caso, os gobiernos provinciais deberán ter en conta, para a programación da súa actividade, as políticas sectoriais que fixe o Goberno galego nos seus programas de actuación.
3. A Xunta de Galicia poderá delegar o exercicio das súas competencias nos entes locais recoñecidos neste Estatuto.

Artigo 52. Lei de réxime local

1. Unha lei do Parlamento de Galicia desenvolverá as competencias da Comunidade Autónoma recollidas no artigo 50, regulará a organización territorial propia e establecerá o réxime de organización, funcionamento e elección dos entes locais supramunicipais previstos no artigo 46 do mesmo, así como a atribución de competencias prevista no artigo 48.
2. Esta lei terá en conta as diferenzas demográficas, xeográficas, funcionais, organizativas, de dimensión e capacidade financeira e de xestión dos diversos entes locais.

Capítulo VI. Poder Xudicial

Artigo 53. O exercicio do Poder Xudicial en Galicia.

1. O Poder Xudicial será exercido en Galicia polos Xuíces e Maxistrados integrantes dos xulgados e tribunais radicados en territorio galego.

2. Nos termos que estableza a lei orgánica correspondente, aqueles asuntos cuxa competencia pertenza en primeira instancia a un órgano xurisdiccional galego esgotarán as sucesivas instancias procesuais en tribunais radicados en Galicia, cuxa competencia se estende a todas as ordes, instancias e graos, de acordo coas previsiones da Lei orgánica do poder xudicial,, sen prexuízo das competencias do Tribunal Supremo en materia de unificación de doutrina. Respectaranse, así mesmo, as competencias do Tribunal Constitucional, do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos nos ámbitos que especificamente lles corresponden.

3. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede na cidade de A Coruña, culminará a organización xudicial en Galicia. Será competente para a resolución dos recursos de casación e revisión e, en xeral, da última instancia procesual en todas as ordes. Así mesmo, resolverá os conflitos de competencia e xurisdicción entre aqueles órganos xurisdicionais galegos que non posúan outro superior xerárquico común.

4. O presidente ou presidenta do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia é o representante do poder xudicial en Galicia, será nomeado por El-Rei, a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial nos termos que a Lei Orgánica do Poder Xudicial determinar. O presidente ou presidenta da Xunta ordenará a publicación do seu nomeamento no Diario Oficial de Galicia.

5. O presidente ou presidenta do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, presentará a memoria anual da institución ao Parlamento de Galicia.

Artigo 54. 0 Consello de Xustiza de Galicia.

1. O Consello de Xustiza de Galicia é o órgano de Goberno do Poder Xudicial no territorio galego. Actúa como órgano descentralizado do Consello Xeral do Poder Xudicial, de acordo co previsto na Lei orgánica do Poder Xudicial. Estará composto polos membros que se nomearen consonte o previsto na Lei Orgánica do Poder Xudicial, entre xuíces, maxistrados,

fiscais ou xuristas de recoñecido, prestixio que teñan desenvolvido a súa carreira de xeito significativo en Galicia.

2. O Consello de Xustiza de Galicia aprobará o seu regulamento interno de organización e funcionamento.

3. As atribucións do Consello de Xustiza de Galicia respecto dos órganos xurisdicionais situados no territorio de Galicia son, conforme ao previsto na Lei Orgánica do Poder Xudicial as seguintes:

- a) Precisar e aplicar no ámbito de Galicia os regulamentos do Consello Xeral do Poder Xudicial.
- b) Informar sobre as propostas de revisión, delimitación e modificación das demarcacións territoriais dos órganos xurisdicionais e sobre as propostas de creación de seccións e xulgados.
- c) Precisar e aplicar, cando proceder, os criterios esenciais fixados na Lei Orgánica do Poder Xudicial a respecto da selección, provisión, carreira, formación e retribución de xuíces e maxistrados.
- d) Presentar unha memoria anual ao Parlamento sobre o estado e o funcionamento da Administración de Xustiza en Galicia.
- e) Todas cantas outras funcións lles atribúan a Lei Orgánica do Poder Xudicial e as que lle delegue o Consello Xeral do Poder Xudicial.

Artigo 55. O Ministerio Fiscal

1. O Fiscal Xefe ou a Fiscal Xefa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia representa ao Ministerio Fiscal en Galicia e será designado nos termos que estableza o seu estatuto orgánico.

2. O presidente ou presidenta da Xunta ordena a publicación do nomeamento do Fiscal ou a Fiscal Xefe de Galicia no Diario Oficial de Galicia.

3. O Fiscal ou a Fiscal Superior de Galicia debe enviar unha copia da memoria anual da Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza, a Xunta de Galicia, ao Consello de Xustiza de Galicia e ao Parlamento, e debe presentala ante este.

4. As funcións do Fiscal ou a Fiscal Superior de Galicia son as que establece o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal. A Xunta poderá celebrar convenios co Ministerio Fiscal.

Artigo 56. Administración de Xustiza.

1. Confíreselle á Comunidade Autónoma de Galicia a facultade de asumir todas as competencias en materia de xustiza para as que a lexislación estatal esixa unha previsión estatutaria.

2. Sen prexuízo do disposto na alínea anterior, corresponde á Xunta de Galicia a competencia normativa sobre o persoal non xudicial ao servizo da Administración de Xustiza, dentro do respecto ao estatuto xurídico básico establecido pola Lei Orgánica do Poder Xudicial.

3. Corresponde á Xunta de Galicia a competencia executiva e de xestión en materia de persoal non xudicial ao servizo da Administración de Xustiza.

4. Dentro do marco disposto pola Lei Orgánica do Poder Xudicial, por lei do Parlamento poderán crearse corpos de funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza, que dependan da función pública da Xunta de Galicia.

5. A Xunta de Galicia dispón de competencia exclusiva sobre o persoal laboral ao servizo da Administración de Xustiza.

6. Corresponde á Xunta de Galicia a xestión dos medios materiais da Administración de Xustiza en Galicia.

Artigo 57. Oposicións e concursos.

1. A Xunta de Galicia proporá ao Goberno do Estado e ao Consello Xeral do Poder Xudicial, segundo corresponda, a convocatoria de oposicións e concursos para cubrir as prazas vacantes en Galicia de maxistrados, xuíces, fiscais, secretarios xudiciais e restante persoal ao servizo da Administración de Xustiza.
2. En todo caso, na resolución dos concursos para prover os postos de maxistrados, xuíces, fiscais, secretarios xudiciais e restante persoal ao servizo da Administración de Xustiza será mérito preferente para o acceso e requisito para o exercicio a especialización no dereito galego e o coñecemento da lingua galega,. Para garantir o exercicio do dereito de opción lingüística e para unha mellor tutela xudicial efectiva da cidadanía galega, aqueles deberán ter o coñecemento do galego adecuado ás súas funcións. Os poderes públicos arbitrarán as medidas necesarias para garantir tal coñecemento.

Artigo 58. Oficina xudicial e institucións e servizos de apoio.

Corresponde á Xunta de Galicia, de acordo coa Lei Orgánica do Poder Xudicial, determinar a creación, o deseño, a organización, a dotación e a xestión das oficinas xudiciais e servizos de apoio aos órganos xurisdicionais.

Artigo 59. Xustiza gratuíta

Corresponde á Xunta de Galicia a competencia para ordenar os servizos de xustiza gratuíta e de orientación xurídica gratuíta, para as entidades e persoas que acrediten insuficiencia de recursos para litigar ou para obter asesoramento legal.

Artigo 60. Procedementos de arbitraxe, mediación e conciliación.

A Xunta de Galicia pode establecer os instrumentos e procedementos de arbitraxe, mediación e conciliación na resolución de conflitos nas materias da súa competencia.

Artigo 61. Demarcación, planta e capitalidade xudiciais.

1. É competencia da Xunta de Galicia fixar a delimitación das demarcacións territoriais dos órganos xurisdicionais en Galicia atendendo, entre outros criterios, ás características xeográficas e de poboación.
2. A Xunta de Galicia, polo menos cada cinco anos, previo informe do Consello de Xustiza de Galicia, debe propor ao Goberno de España a determinación e a revisión da demarcación e a planta xudiciais en Galicia. Esta proposta, que é preceptiva, deberá acompañar ao proxecto de lei que o Goberno de España envíe ás Cortes Xerais.
3. As modificacións da planta xudicial que non comporten reforma lexislativa corresponden á Xunta de Galicia. Así mesmo, a Xunta poderá crear Seccións e xulgados, por delegación do Goberno do Estado, nos termos previstos pola Lei Orgánica do Poder Xudicial.
4. A capitalidade das demarcacións xudiciais fixarase por lei do Parlamento de Galicia.

Artigo 62. Xustiza de paz e de proximidade.

1. Corresponde á Xunta de Galicia a competencia sobre a xustiza de paz nos termos que a Lei Orgánica do Poder Xudicial establecera. Nestes mesmos termos corresponde ao Consello de Xustiza de Galicia o nomeamento dos xuíces. A administración galega farase cargo das correspondentes indemnizacións así como da provisión dos medios necesarios para o exercicio das súas funcións. Correspóndelle tamén a creación das secretarías e a súa provisión.

2. A Xunta de Galicia, nas poboacións que se determinaren e de conformidade co establecido na Lei Orgánica do Poder Xudicial, poderá instar o establecemento dun sistema de xustiza de proximidade.

Artigo 63. Notarios e rexistradores da propiedade.

1.-Correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de notariado e rexistros da propiedade, mercantís e de bens móbiles, a competencia executiva, que abrangue en todo caso:

- a) A participación tanto na elaboración dos programas de acceso aos corpos de notarios e rexistradores da propiedade, mercantís e de bens móbiles, para os efectos de acreditar o coñecemento do dereito de Galicia, como na convocatoria, administración e resolución das oposicións e concursos aos devanditos corpos.
- b) A formalización dos correspondentes nomeamentos.
- c) O establecemento das demarcacións notariais e rexistrais, incluída a determinación dos distritos hipotecarios e dos distritos de competencia dos notarios.

2.-En todo caso, na resolución dos concursos para prover os postos de Notarios e rexistradores da propiedade será mérito preferente a especialización no dereito galego e o coñecemento da lingua

3. Correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva sobre o réxime de recursos e sobre a cualificación dos títulos ou das cláusulas concretas en materia de dereito galego que deban ter acceso a un rexistro radicado no territorio.

Artigo 64. Cláusula subrogatoria.

A Xunta de Galicia exerce, ademais das competencias expresamente atribuídas polo presente Estatuto, todas as funcións e facultades que a Lei Orgánica do Poder Xudicial recoñece ao Goberno de España con relación coa Administración de Xustiza en Galicia.

Capítulo VII. Órganos estatutarios

Artigo 65. O Valedor ou Valedora do Pobo

1. O Valedor ou Valedora do Pobo é o Alto Comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa dos dereitos e liberdades recoñecidos neste Estatuto, na Constitución e na Declaración Universal de Dereitos Humanos e demais instrumentos internacionais de aplicación en Galicia.
2. Será elixido polo Parlamento de Galicia para un período de seis anos entre persoas de recoñecido prestixio profesional e social.
3. Unha lei de desenvolvemento estatutario básico establecerá o réxime do Valedor ou Valedora do Pobo, previndo as figuras de tres vicevaledores ou vicevaledoras. Prestarase unha especial atención aos dereitos dos menores e os dos residentes no exterior.

Artigo 66. O Consello de Contas

1. O Consello de Contas de Galicia encárgase da fiscalización das contas e da xestión económico-financeira e contable, tendo potestade sancionadora en materias desta natureza. Exercerá as súas funcións en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma.
2. Unha lei de desenvolvemento estatutario básico establecerá o réxime do Consello de Contas. Os conselleiros e as conselleiras serán nomeados polo

Parlamento de Galicia por un período de seis anos entre especialistas de recoñecido prestixio cun mínimo de dez anos de exercicio profesional.

3. O Consello de Contas articulará as súas relacóns co Tribunal de Cuentas mediante convenio. Neste convenio deben establecerse os mecanismos de participación nos procedementos xurisdicionais sobre responsabilidade contable.

Artigo 67. O Consello Consultivo de Galicia.

1. O Consello Consultivo de Galicia é a instancia superior consultiva da Comunidade Autónoma. Ditaminará sobre a adecuación estatutaria dos proxectos de lei e de disposicións de carácter xeral e velará pola observancia do resto do ordenamento xurídico en cantes asuntos se lle atribuíren por lei do Parlamento de Galicia.

2. Unha lei de desenvolvemento estatutario básico establecerá as atribucións, o réxime de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, así como o estatuto dos seus membros.

Artigo 68. O Consello Económico, Social e Ecolóxico

O Consello Económico, Ecolóxico e Social de Galicia é o ente que garante a participación dos axentes económicos, sociais e ambientais na elaboración das políticas públicas e asesora á Xunta de Galicia en ditas materias.

O estatuto dos seus membros así como o seu réxime de organización e funcionamento establecerase por lei.

Artigo 69. O Consello da Cultura Galega

O Consello da Cultura Galega é a institución suprema de asesoramento dos poderes públicos en materia cultural e lingüística e de promoción e defensa dos valores culturais do pobo galego. A lei establecerá o estatuto e o

procedemento de designación dos seus órganos directivos así como o seu réxime de funcionamento.

Artigo 70. O Consello das Comunidades Galegas no Exterior

O Consello das Comunidades galegas é o máximo órgano consultivo da Xunta de Galicia no tocante a relación da Comunidade Autónoma coas Comunidades galegas no exterior. A súa creación, regulación e funcionamento será determinada por lei do Parlamento de Galicia.

Título III. Competencias da Comunidade Autónoma

Artigo 71. Disposicións xerais

1. A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias exclusivas, competencias que comparte co Estado e competencias de execución..

1.1. Nas competencias exclusivas a Comunidade Autónoma ostenta con plenitude as potestades normativa e de execución respectando o disposto nos artigo 140 e 149.1 da Constitución e no presente Estatuto.

1.2. Nas competencias compartidas a Comunidade Autónoma exerce esas mesmas potestades no marco das leis básicas do Estado.

1.3. Nas competencias de execución corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia concretar e aplicar as regulacións xerais aprobadas polo Estado. Nesta tarefa a Comunidade Autónoma poderá ditar normas complementarias de organización e de adaptación da normativa do Estado.

2. A Comunidade Autónoma de Galicia asume, en virtude do presente Estatuto, todas as competencias non atribuídas expresamente ao Estado pola Constitución, así como todas aquelas funcións e facultades inherentes ao seu pleno exercicio, nos termos que se expresan nos artigos seguintes.

Artigo 72. Autogoberno, institucional e seguranza.

1. A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias exclusivas sobre:

- a) Creación, organización e réxime xurídico das institucións de autogoberno.
- b) Símbolos de Galicia.
- c) Réxime xurídico da súa Administración Pública, incluídas as entidades instrumentais, tanto públicas como privadas, así como o réxime xurídico, procedemento, contratación, determinación de causas de expropiación e responsabilidades das administracións públicas de Galicia, en especial, o réxime dos procedementos administrativos derivados do dereito substantivo da Comunidade Autónoma e da organización dos seus poderes públicos, sen prexuízo das competencias reservadas ao Estado na Constitución.
- d) Réxime estatutario do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia, ordenación e organización da función pública, salvo o disposto no apartado 2, así como para a adaptación das relacóns de postos de traballo ás necesidades derivadas da organización administrativa e a formación do persoal laboral.
- e) Regulación do Goberno local, creación, supresión e alteración das entidades que configuran oa organización territorial de Galicia, así como sobre a determinación dos procedementos de cooperación e colaboración entre estas.
- f) As corporación de dereito público, especialmente as confrarías de pescadores, así como a tutela administrativa destas corporacións.
- g) Consultas populares que abrangue o establecemento do réxime xurídico, modalidades e procedemento, realización e convocatoria pola Comunidade Autónoma ou polos entes locais do seu territorio, no ámbito das súas competencias, de enquisas, audiencias, foros ou calquera outras formas de consulta popular.

- h) Estatística de interese para a Comunidade Autónoma.
- i) Administración de xustiza, rexistro e notariado nos termos establecidos no capítulo VI do Título II
- j) Creación, regulación e organización dunha policía propia con funcións, entre outras, de protección medioambiental, de policía xudicial e de seguridade pública.
- k) Coordinación de polícias locais.
- l) Videovixilancia en espazos públicos, con observancia da lexislación reguladora dos dereitos fundamentais.
- m) Protección civil, emerxencia, prevención e extinción de incendios, seguraza e salvamento marítimo, loita contra a contaminación mariña e a regulación, planificación e intervención en calquera catástrofe natural ou situación de necesidade, así como a seguridade do transporte intercomunitario, sexa marítimo ou terrestre..
2. A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias compartidas sobre protección de datos de carácter persoal que, en todo caso inclúe a regulación, inscrición e control dos ficheiros ou tratamentos de datos.

Artigo 73. Dereito Civil propio de Galicia

A Comunidade Autónoma de Galicia de Galicia ten competencia exclusiva sobre:

- a) A regulación do derecho civil de Galicia, con excepción das materias que o artigo 149.1.8 da Constitución reserva ao Estado, así como das normas procesuais específicas que se deriven das particularidades do derecho substantivo de Galicia.
- b) O réxime xurídico das fundacións de interese galego.

- c) O réxime xurídico das asociacións que desenvolven as súas funcións substanciais en Galicia

Artigo 74. Ensino, investigación e desenvolvemento tecnolóxico

1. A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva sobre:

- a) O ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.
 - b) O fomento do estudio, a política de becas e outras axudas públicas, o réxime do profesorado, así como a inspección, a avaliación e supervisión da calidade do sistema educativo.
 - c) Dentro do respecto á autonomía universitaria, a ordenación das ensinanzas universitarias, programación e coordinación do sistema universitario galego.
 - d) A investigación, que incluirá o establecemento de liñas e proxectos propios, regulación e xestión de becas, axudas e outros incentivos de apoio á investigación, programación e coordinación da actividade investigadora das universidades e dos centros públicos e privados, transferencia do coñecemento e difusión da ciencia, regulación e promoción de biotecnoloxía e da biomedicina, políticas de promoción e fomento da innovación, así como o desenvolvemento das tecnoloxías para a sociedade da información.
2. A Comunidade Autónoma ten competencias compartidas sobre participación na xestión dos centros de investigación estatais radicados en Galicia.
 3. A Comunidade Autónoma ten competencias de execución en expedición, recoñecemento e homologación de títulos profesionais.

Artigo 75. Actividades económicas e financeiras.

1. A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias exclusivas sobre:

- a) Agricultura e gandería que abrangue a regulación do sector agroalimentario e dos seus servizos, a sanidade animal e vexetal, a seguridade alimentaria, e a loita contra os fraudes na producción e comercialización, así como o desenvolvemento, a transferencia e innovación tecnolóxica das explotacións agrarias, gandeiras e industrias agroalimentairas.
- b) Montes, que abranguerá a regulación dos seus aproveitamentos, así como o establecemento de vías pecuarias e de servizos forestais.
- c) Políticas públicas orientadas á explotación sustentable dos recursos madeireiros e a protección das fragas e das especies arbóreas autóctonas.
- d) Montes veciñais en man común.
- e) Pesca marítima nas rías e litoral, incluíndo a regulación do marisqueo, da pesca fluvial e lacustre, da acuicultura e outros aproveitamentos piscícolas.
- f) Regulación do sector industrial e dos procesos produtivos, especialmente, no que atinxe á saúde e seguridade das persoas e á supervisión da calidade.
- g) Innovación e investigación industrial, que inclúe a súa regulación e ordenación, así como a planificación dos sectores industriais no marco da planificación xeral do Estado.
- h) Artesanía, que abrangue a regulación da condición de artesán ou artesá, o fomento das empresas artesanais, a promoción dos seus produtos e a creación de canles de comercialización.
- i) Comercio de Galicia que incluirá a regulación, promoción e fomento do comercio, regulación do réxime horario e dos equipamentos dos establecementos dedicados á actividade comercial, así como a determinación das distintas modalidades de venda, así mesmo, incluirá a

regulación e autorización das feiras e mercados interiores, así como a participación e xestión das feiras internacionais que se celebren en Galicia.

j) Fomento do desenvolvemento económico de Galicia e ordenación da actividade económica de acordo cos principios de equilibrio territorial e crecemento sustentable, que abrangue a creación dun sector público propio e a participación, no seu caso, na xestión do sector público estatal con presenza no territorio de Galicia.

k) Cooperativas, incluídos o seu réxime xurídico, económico e funcionamento, a determinación dos dereitos e deberes dos seus membros, e a promoción e ordenación desta forma asociativa e doutras modalidades de economía social.

l) Regulación e determinación das denominacións de orixe e outras mencións de calidade, así como a determinación dos órganos de xestión, réxime xurídico do seu funcionamento e dos procedementos de control da producción e da comercialización. Cando o territorio dunha denominación exceda do galego a Comunidade Autónoma participará na elaboración do seu regulamento e nos órganos de xestión que se dispoñan.

ll) Promoción da competencia e regulación dun órgano propio de defensa da competencia con xurisdicción sobre todo o territorio de Galicia e no que se resolverán aquelas controversias ocasionadas por actividades económicas que se desenvolvan substanciais en Galicia

m) Réxime xurídico da publicidade, tanto da mercantil como a institucional.

n) Xogo, apostas e casinos, incluídas as modalidades por medios informáticos e telemáticos, cando se desenvolvan exclusivamente en Galicia.

ñ) Regulación do turismo.

2. A Comunidade Autónoma ten competencias compartidas:

- a) Sobre o réxime de explotación dos recursos enerxéticos de Galicia que comprende a regulación, autorización e inspección das actividades de producción, almacenamento, distribución e transporte de todo tipo de enerxía, incluídos os aproveitamentos hidroeléctricos, eólicos, de gas ou explotación de calquera outra forma de enerxía alternativa. Instalacións de distribución e transporte que exceda claramente do territorio de Galicia. Neste suposto cando as instalacións de producción ou transporte excedan claramente do territorio de Galicia a Comunidade Autónoma participará nos organismos estatais reguladores do sector enerxético e na planificación estatal que afecte ao seu territorio.
- b) Regulación e ordenación do crédito, da banca e dos seguros, así como o réxime xurídico das compañías aseguradoras, cooperativas de crédito, entidades xestoras de plans e fondos de pensións, mutualidades de previsión social e outras mutualidades non integradas no sistema de Seguridade Social.
- c) Caixas de aforro, institucións de crédito corporativo, público e territorial

3. A Comunidade de Galicia é competente para a execución da lexislación xeral do Estado sobre:

- a) Propiedade intelectual e industrial que abrangue o establecemento e referidos a titulares de residencia habitual en Galicia.
- b) Xestión do Catastro.
- c) Control metrolóxico e contrate de metais.

Artigo 76. Medio ambiente, ordenación do territorio, protección da paisaxe e vivenda

1. A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias exclusivas sobre:

- a) Vivenda, que incluirá, en todo caso, a planificación de ordenación da políticas de vivenda, incluída a inspección, así como a promoción pública de vivenda e solo, así como a regulación das normas técnicas relativas á

calidade de construcción, habitabilidade, conservación e mantemento de vivendas.

- b) Regulación e planificación de parques tecnolóxicos, polígonos industriais e outras superficies dedicadas a explotacións industriais ou comerciais.
- c) Ordenación territorial, que abrangue a planificación e xestión do territorio, de protección da paisaxe, así como a regulación das actuacións que incidan neste.
- d) Ordenación, planificación e protección do litoral, praias e outros espazos costeiros, que abrangue a xestión dos títulos de ocupación e uso do dominio público marítimo-terrestre, respectando o réxime xeral deste, o dominio público marítimo-terrestre coa correspondente capacidade de outorgamento de autorizacións e concesións, e a xestión da lámina de auga das rías, especialmente o outorgamento de autorización e concesión, en todo caso, as concesión de obras fixas no mar; a regulación e xestión do réxime económico financeiro do dominio público marítimo-terrestre, respectando a lexislación xeral; a execución de obras e actuacións no litoral cando non sexan declaradas de interese xeral a xeral a xestión da lámina de auga non afecta á navegación
- e) Urbanismo, que abrangue a regulación do réxime urbanístico do solo, a inspección e a disciplina urbanística.
- f) Adopción de normas adicionais de protección medioambiental, que abrangue: regulación do sistema de intervención administrativa dos plans, programas, proxectos, instalacións e actividades susceptibles de afectar ao medio ambiente; regulación dos recursos naturais, a flora, a fauna e biodiversidade, a prevención e corrección na xeración de residuos, da contaminación, así como o abastecemento, saneamento e depuración das augas residuais; a regulación,, planificación, supervisión e xestión dos residuos urbanos e industriais, así como a promoción da reciclaxe e reutilización e o seu aproveitamento para a xeración de enerxías alternativas, a regulación dos vertidos en augas superficiais ou soterradas que non pasen a outra Comunidade Autónoma, a adopción de políticas de

protección contra a contaminación e o control da calidade das augas, do ar e do solo.

g) Prevención e extinción de incendios forestais, así como a recuperación medioambiental das zonas queimadas.

h) Regulación do servizo de meteoroloxía e climatoloxía de Galicia.

i) Protección da biodiversidade de Galicia e das especies en perigo de extinción..

j) Augas minerais, termais e subterráneas.

2. A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias compartidas sobre instalacións radioactivas de segunda e terceira categoría.

Artigo 77. Conca hidrográfica do Miño-Sil

1. A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva sobre as augas de conca hidrográfica Miño-Sil que transcorran polo seu territorio e non afecten a outra comunidade autónoma, sen prexuízo das competencias atribuídas no artigo 149.1.22 da Constitución Española.

2. A tal efecto crearase un organismo de conca coa denominación de Configuración Hidrográfica Miño, que comprenderá como ámbito territorial as concas hidrográficas dos ríos Miño e Sil, e a parte galega do Limia, garantindo, en todo caso, a representación da Comunidade Autónoma nos órganos de representación, dirección e xestión do organismo de conca.

3. A sede central do novo organismo fixará a súa sede en territorio galego.

Artigo 78. Obras públicas, infraestruturas e transporte.

- 1. A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias exclusivas sobre:**
 - a) Planificación, execución e xestión das obras públicas non cualificadas de interese xeral polo Estado.**
 - b) Ferrocarrís e infraestruturas ferroviarias das que sexa titular, así como a participación nas que sexan de titularidade do Estado situadas no territorio da Comunidade Autónoma. En particular, a concesión e xestión dos servizos ferroviarios de proximidade e outras comunicacíons ferroviarias de proximidade e outras comunicacíons ferroviarias que transcorran integralmente polo territorio de Galicia.**
 - c) Rede viaria de Galicia, que abrangue a súa regulación e ordenación, así como determinación do seu réxime financeiro e a determinación dos puntos de enlace entre os seus elementos ou con outras redes de transporte, así como a participación na xestión e planificación da rede viaria do Estado en Galicia.**
 - d) Regulación do réxime xurídico e xestión dos portos naturais e de refuxio, dos portos deportivos e das demais instalacíons portuarias radicadas en Galicia.**
 - e) Regulación e xestión dos aeroportos, heliportos e demais infraestruturas aeroportuarias situadas en Galicia.**
 - f) Regulación, autorización e determinación das condicións de explotación de transporte terrestre de viaxeiros e mercadorías por estrada, ferrocarril ou cable, así como o transporte fluvial e o marítimo de cabotaxe sempre que transcorra integralmente polo territorio e as costas de Galicia con independencia do titular da infraestrutura. Así mesmo, corresponde á comunidade Autónoma regular e autorizar ou acredita os centros e operadores das actividades de transporte, terminais de carga, dispoñendo os requisitos esixidos para o desempedro das mesmas.**
- 2. A Comunidade Autónoma de Galicia informará previamente a declaración de interese xeral de obras ou infraestruturas.**

3. A Comunidade Autónoma de Galicia poderá participar, nos termos previstos na lexislación estatal, na planificación e xestión das infraestruturas de interese xeral que non lle foran transferidas ao abeiro do artigo 150.2 da Constitución Española.

Artigo 79. Cultura, espectáculos, tempo libre e deporte.

1. A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias exclusivas sobre:
 - a) Lingua propia de Galicia, incluíndo a súa regulación, promoción e normalización.
 - b) Cultura, abrangendo a regulación, promoción e fomento das actividades culturais que se desenvolvan en Galicia ou que sexan manifestación da súa cultura; as medidas relativas á producción e distribución de libros e publicacións periódicas; a regulación e inspección de salas de exhibición cinematográfica e protección destas industrias; concesión de licenza de dobraxe a distribuidoras domiciliadas en Galicia, así como a cualificación de películas e outros materiais;
 - c) Réxime xurídico e protección, conservación e promoción do patrimonio cultural, histórico, artístico, monumental, arquitectónico, arqueolóxico ou científico de Galicia.
 - d) Regulación e xestión dos museos, arquivos, bibliotecas, conservatorios de música e danza, centros dramáticos e outros equipamentos culturais de interese para a Comunidade Autónoma, así como o réxime xurídico dos bens documentais e artísticos depositados nos mesmos.
 - e) Actividade física e deporte, abrangendo o seu fomento, o establecemento dunha rede de equipamentos deportivos equilibrada en todo o territorio, a formación e potenciación de centros de alta competición e rendemento, a prevención e control da violencia no deporte e a adopción de medidas contra a dopaxe e outras prácticas contrarias á saúde dos deportistas. Igualmente corresponde á Comunidade a regulación das

federacións e clubs deportivos e, en xeral, das entidades que promove a práctica do deporte e a actividade física.

f) Regulación da práctica da caza e outras actividades cinexéticos ou de tiro, da pesca fluvial, da lacustre e da marítima deportiva.

g) Réxime xurídico da navegación deportiva e mergullo profesional e deportivo, a formación e expedición das titulacións esixidas para aúa práctica, así como as relativas a outras actividades que se exercen no mar ou na montaña.

h) Réxime xurídico e administrativo das entidades dedicadas á celebración de espectáculos públicos, a ordenación do sector, e o control público destes eventos.

2. A Comunidade Autónoma de Galicia poderá participar, nos termos previstos na lexislación estatal, na planificación e xestión de museos, arquivos, bibliotecas e outros equipamentos culturais, de titularidade estatal que non lle foran transferidas ao abeiro do artigo 150.2 da Constitución Española.

3. A Comunidade Autónoma de Galicia participará en entidades e organismos de ámbito estatal, europeo e internacional que teñan como obxectivo o desenvolvemento da cultura, do deporte e do tempo libre.

Artigo 80. Sanidade e servizos sociais

1. A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias exclusivas sobre:

a) Determinación e regulación do réxime xurídico de protección da sanidade e da saúde pública, como a regulación, inspección e control dos servizos privados ou públicos de saúde e a plena xestión destes últimos.

b) Ordenación e programación dos recursos sanitarios de titularidade pública e aúa coordinación coas actividades sanitarias privadas.

- c) Réxime estatutario e a formación, incluída a especializada, do persoal ao servizo do sistema sanitario público.
- d) Adopción de medidas e programas orientados a preservar e promover a saúde pública en todos os eidos.
- e) Regulación e defensa dos dereitos dos consumidores e usuarios, o fomento das asociacións, a formación e educación para un consumo responsable, a información aos consumidores e a determinación dos órganos e procedementos de mediación nesta materia.
- f) Ordenación farmacéutica. Regulación e xestión integral das políticas de protección e asistencia social que abrangue a ordenación dun sistema público que atenda ás distintas modalidades de familia, a infancia, aos maiores, as persoas con dificultade funcional e outros colectivos en situación de dependencia.
- g) Regulación e execución de programas dirixidos a persoas ou colectivos en situación de necesidade social.
- h) Regulación e xestión de todas as medidas relativas á primeira acollida das persoas inmigradas e o desenvolvimento de políticas de integración.
- i) A elaboración e execución de políticas de igualdade social, que abrangue a posibilidade de establecer medidas de acción positiva, de prevención e protección social.
- j) Protección de menores, incluídos o réxime de protección e tutela dos desamparados ou en situación de risco.
- k) Regulación e execución das políticas e medidas de promoción e apoio da xuventude con especial atención á súa participación libre e eficaz no desenvolvimento político, social, económico e cultura.
- l) Cooperación para o desenvolvemento doutras comunidades e pobos como manifestación da solidariedade da sociedade galega.

2. A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias compartidas sobre:

Seguridade social, incluíndo o recoñecemento e xestión de pensións non contributivas, a tutela das institucións, entidades e funcións en materia de sanidade e seguridade social e a organización e xestión e dos servizos que integran a asistencia sanitaria e os servizos sociais do sistema da seguridade social de Galicia, coa excepción das normas que configuran o seu réxime xurídico.

3. A Comunidade Autónoma de Galicia é competente para a execución da lexislación xeral do Estado en :

- a) Xestión da asistencia sanitaria da Seguridade Social.
- b) Produtos farmacéuticos.
- c) Xestión do réxime económico da Seguridade Social, respectando os principios de unidade económico-patrimonial e solidariedade financeira.

4. A Comunidade Autónoma de Galicia participará nas decisións do Estado sobre inmigración con especial transcendencia para Galicia, e, en particular, na determinación dos continxentes de traballadores inmigrantes, a través dos mecanismos de colaboración institucional.

Artigo 81. Emprego e regulacións laborais.

1. Galicia configurará o seu marco propio de relacións laborais, adaptado á súa realidade produtiva e social, sen prexuízo das competencias que en materia de lexislación laboral corresponde ao Estado.

2. A Comunidade Autónoma de Galicia é competente para a execución da lexislación xeral do Estado en materia de emprego e relacións laborais que abrangue:

- a) Relacións laborais e condicións de traballo.

- b) Políticas activas de emprego.
- c) Cualificacións profesionais en Galicia.
- d) Procedementos de regulación de ocupación e de actuación administrativa en materia de traslados colectivos entre centros de traballo situados en Galicia.
- e) Prevención de riscos laborais e seguridade no traballo.
- f) Determinación dos servizos mínimos nas folgas que teñan lugar en Galicia.
- g) Negociación colectiva, control de legalidade e rexistro de convenios colectivos de traballo.
- h) Intermediación laboral.
- i) Instrumentos de conciliación, mediación e arbitraxe laborais.
- j) Elaboración do calendario de días festivos que deben rexer en todo o territorio de Galicia
- k) Autorización de traballo de inmigrantes que vaian desenvolver a súa relación laboral en Galicia, en coordinación coas competencias do estado en materia de entrada e residencia.
- l) Potestade sancionadora de orde social no ámbito das súas competencias.
- m) Función pública inspectora en materia de emprego e relacóns laborais a través de funcionarios que dependan orgánica e funcionalmente da Xunta de Galicia, sen prexuízo do establecemento de fórmulas de cooperación.

Artigo 82. Comunicación social.

1. A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias exclusivas sobre a organización da prestación do servizo público de comunicación audiovisual da Xunta de Galicia, incluíndo a regulación, creación e mantemento da súa propia televisión, radio e, en xeral calquera medio de comunicación social para o cumprimento dos seus fins, e dos servizos públicos de comunicación audiovisual de ámbito local, respectando á autonomía local.
2. A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias exclusivas sobre radio, televisión e, en xeral, de todos os medios de comunicación social e dos servizos de comunicación audiovisual, así como da regulación e control dos servizos de comunicación audiovisual que se dirixan ao público en Galicia ou se distribúan no territorio de Galicia.
3. A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias de execución en materia de comunicacóns electrónicas que abrangue a promoción dun conxunto mínimo de servizos de acceso universal; inspección e exercicio da potestade sancionadora, así como a resolución de conflitos e a xestión do rexistro de instaladores e xestores de múltiples de ámbito non superior a Galicia.

Artigo 83. Actividades de fomento.

1. Correspónelle á Galicia, nas materias da súa competencia, o exercicio da actividade de fomento, podendo, a tal efecto, outorgar subvencións cor cargo a fondos propios.
2. Correspónelle a Galicia, no que atinxe ás subvencións estatais e comunitarias territorializables que incidan sobre as súas competencias:
 - a) Cando se trate de competencias exclusivas, a especificación dos obxectivos aos que se destinan, así como a regulación das condicións de outorgamento e a xestión, incluíndo a tramitación e concesión.

- Partido dos Socialistas de Galicia
- b) Cando se trate de competencias compartidas, precisar normativamente os obxectivos, así como completar a regulación das condicións de outorgamento e toda a xestión, incluíndo a tramitación e concesión.
 - c) Cando se trate de competencias executivas, a xestión, incluíndo a tramitación e concesión.
3. Galicia participará, nos termos que fixe o Estado, na determinación, xestión e tramitación das subvencións estatais e comunitarias non territorializables.

Artigo 84. Cláusulas de garantía estatutaria.

1. Correspónelle á Comunidade Autónoma, no ámbito das súas competencias, a transposición das normas comunitarias, así como a aplicación e execución, incluídas as obrigas de información
2. Cando as normas ditadas pola Unión Europea substitúan a normativa básica do Estado a Comunidade Autónoma ditará as normas de desenvolvemento a partir das europeas.
3. Nas materias de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, o Dereito propio de Galicia será aplicable no seu territorio con preferencia a calquera outro. En defecto de derecho propio, será de aplicación, como supletorio, o derecho xeral do Estado.
4. Cando a competencia normativa de desenvolvemento das bases estatais se exercitase mediante unha lei do Parlamento de Galicia, a modificación posterior das bases estatais só afectará á vixencia da lei galega si se tivese feito mediante norma con rango de lei.
5. As especificacións de competencias e funcións que a Comunidade Autónoma asume por medio deste Estatuto de Autonomía, correspónelle todas aquelas que a Constitución non lle atribúe expresamente ao Estado, así como todas aquellas funcións e facultades inherentes ao seu pleno exercicio..

Título IV. Economía e facenda

Capítulo I. Economía

Artigo 85. Principios de política económica

1. Os poderes públicos de Galicia exercerán as competencias en materia económica previstas no presente Estatuto de acordo coa ordenación económica xeral e dentro do pleno respecto e protección á liberdade de empresa e á competencia no marco dunha economía social de mercado.
2. Serán obxectivos da acción dos poderes públicos de Galicia no ámbito económico o pleno emprego, a equidade na distribución de renda e riqueza, a modernización empresarial, a promoción da capacidade emprendedora, a innovación e a formación e a garantía dun desenvolvemento sostible. Así mesmo, favorecerán o acceso da muller ao emprego, en condicións de igualdade. Atenderán ao desenvolvemento de todos os sectores económicos, especialmente de aqueles que teñan un carácter estratéxico.
3. Os poderes públicos fomentarán o retorno dos galegos emigrados, favorecendo a súa plena integración social e laboral.
4. Os poderes públicos velarán polo respecto ás condicións laborais establecidas legalmente, pola seguridade e hixiene no traballo e pola formación continua dos traballadores.
5. Os poderes públicos favorecerán o diálogo social con sindicatos, organizacións empresariais e de traballadores autónomos.
6. Os poderes públicos fomentarán as sociedades cooperativas e outras formas xurídicas de economía social.
7. Os poderes públicos propiciarán o fortalecemento do sector financeiro galego e o seu apoio aos sectores estratéxicos da economía de Galicia.



Artigo 86. Planificación, promoción e fomento da actividade económica

1. Os poderes públicos de Galicia poden:

- a) Establecer programas económicos xerais coa finalidade de equilibrar o desenvolvemento territorial, estimular o crecemento da renda e a riqueza e a súa xusta distribución.
- b) Constituír empresas, entidades e outras organizacións públicas con personalidade xurídica para cumplir as funcións que sexan da súa competencia.
- c) Fomentar a colaboración e cooperación entre os axentes públicos e privados para o fomento da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.

2. A Comunidade Autónoma de Galicia, mediante lei, poderá constituir institucións de crédito especializado, de acordo co marco normativo xeral.

Artigo 87. Participación na ordenación xeral da actividade económica

1. A Comunidade Autónoma de Galicia participará, facilitando as correspondentes previsións, na elaboración dos plans e programas económicos do Estado que afecten a Galicia e, dun xeito moi especial, aos seus sectores básicos.

2. A Comunidade Autónoma de Galicia participará na designación dos membros dos órganos de dirección dos entes e organismos estatais con funcións reguladoras que afecten a materias relacionadas con competencias de Galicia, nos termos que estableza a normativa xeral aplicable.

3. A Comunidade Autónoma de Galicia designará aos seus representantes nos organismos económicos, enerxéticos, nas institucións financeiras e nas empresas e entes públicos do Estado que estendan as súas competencias ao territorio de Galicia, de acordo coa normativa xeral aplicable.

Artigo 88. Comisión Mixta de Asuntos económicos.

1. A Comisión Mixta de Asuntos Económicos da Comunidade Autónoma de Galicia-Estado é o órgano bilateral de relación entre a Administración do Estado e a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito económico, fiscal e financeiro.
2. A Comisión Mixta estará integrada por un número igual de representantes de ámbalas dúas administracións, exercendo a súa presidencia de forma alternativa entre as dúas partes, en quendas de un ano. A Comisión adoptará un regulamento de funcionamento por acordo entre as dúas delegacións.
3. Corresponde a esta Comisión Mixta tratar os asuntos relativos ao financiamento autonómico, á participación da Comunidade Autónoma na programación da política económica xeral e demais asuntos bilaterais de carácter económico-financeiro. Especificamente, correspónnelle:
 - a) A concreción, a aplicación, a actualización e o seguimento do sistema de financiamento, que inclúe a:
 - Cuantificación das necesidades de gasto das competencias asumidas e a súa evolución temporal e revisión quinquenal;
 - Avaliación dos recursos derivados dos mecanismos de nivelación;
 - Proposta da contía mínima asociada á variable dispersión e á atención aos galegos e ás galegas residentes no exterior;
 - Proposta sobre o alcance e condicións de cesión de tributos de titularidade estatal;
 - Proposta sobre a porcentaxe de participación no rendemento dos tributos estatais parcialmente cedidos
 - Proposta sobre a conversión de tributos cedidos en propios;
 - Proposta sobre as fórmulas de colaboración entre as administracións tributarias, a efectos, entre outros, de participación da Comunidade Autónoma na AEAT, da colaboración, cooperación, coordinación e harmonización fiscal, da colaboración en materia de revisión en vía económico-administrativa e en materia de colaboración catastral.

- Avaliación do cumprimento do principio de lealdade institucional e, no seu caso, a proposta sobre os recursos compensatorios adecuados;
- Avaliación dos traspasos dos servizos do Estado a Galicia.
- Proposta e acordo, no seu caso, sobre a capacidade normativa na fase minorista do IVE e dos IIIE a que se refire a Disposición transitoria segunda..

b) A participación na programación da política económica xeral do Estado en todo aquilo que afecte singularmente aos intereses e as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, que inclúe:

- O coñecemento e avaliación das previsións de investimento do Estado en Galicia;
- O coñecemento, avaliación e, no seu caso, negociación dos fondos do Estado e da Unión Europea;
- Calquera outra cuestión en materia económica e financeira que resulte de interese para ambas partes.

Capítulo II . Facenda de Galicia.

Sección 1. Principios xerais, recursos e patrimonio

Artigo 89. Principios xerais

1. O financiamento da Comunidade Autónoma de Galicia, que ten como obxectivo garantir a prestación de bens e servizos públicos no exercicio da súa competencia en condicións de igualdade co resto das comunidades autónomas, réxese polos principios de suficiencia, autonomía financeira, solidariedade, coordinación, cooperación, responsabilidade fiscal, lealdade institucional e transparencia nas relacións fiscais e financeiras entre as administracións públicas.
2. As relacións de orde financeira e tributaria entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia regúlanse pola Constitución, o presente Estatuto e a Lei Orgánica prevista no artigo 157.3 da Constitución



3. A Comunidade Autónoma de Galicia gozará do tratamento fiscal que as leis establecen para o Estado, así como das prerrogativas que as leis recoñezan para a xestión dos dereitos e o cumprimento das obrigas.

4. A Comunidade Autónoma de Galicia establecerá relacóns multilaterais, a través do Consello de Política Fiscal e Financeira, nas materias que afecten á determinación do sistema xeral de financiamento, e relacóns bilaterais, na Comisión Mixta de Asuntos Económicos Comunidade Autónoma de Galicia-Estado, de acordo co previsto no artigo 87 do presente Estatuto.

Artigo 90. Recursos da Facenda de Galicia.

1. Os recursos da Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia están constituídos por:

- a) O rendemento dos seus tributos propios.
- b) O rendemento dos tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado.
- c) Os recargos sobre impostos propios e estatais
- d) A participación nos ingresos do Estado, especialmente impostos directos e indirectos, e demais asignacións e transferencias, derivados do sistema de financiamento das comunidades autónomas, que sexan precisas para acadar a cobertura das necesidades de gasto.
- e) As transferencias destinadas a favorecer a cohesión e a converxencia interterritorial e a garantir a nivelación de servizos.
- f) Outras transferencias e asignacións do Estado e doutras administracións públicas.
- g) Os recursos e transferencias procedentes da Unión Europea.



- h) O produto da emisión de débeda pública e outras modalidades de crédito.
- i) Os ingresos derivados dos seus prezos públicos e outras prestacións patrimoniais de carácter público.
- j) O producto obtido de multas e sancións impostas no exercicio das súas competencias.
- k) O rendemento do seu patrimonio e outros ingresos de dereito privado. legados, doazóns e subvencións que perciba.
- l) Calquera outro recurso que poida establecerse ou ingreso de dereito público ou privado que proceda obter pola Facenda galega de acordo coas leis.
2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, a Comunidade Autónoma e as entidades locais afectadas participarán nos ingresos correspondentes ós tributos que o Estado poida establecer para recuperar os custes sociais producidos por actividades contaminantes ou xeradoras de riscos de especial gravidade para o medio ambiente, na forma que estableza a lei creadora do gravame.

Artigo 91. Patrimonio da Comunidade Autónoma

1. A Comunidade Autónoma de Galicia dispón de patrimonio de seu.
2. O patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia está integrado polos bens e dereitos da súa titularidade, de calquera natureza, no momento de aprobar o presente Estatuto, os afectos a servizos traspasados á Comunidade Autónoma e os adquiridos por calquera título xurídico válido.
3. Por lei do Parlamento de Galicia regularase o réxime xurídico do patrimonio da Comunidade Autónoma, así como a súa administración, conservación e defensa.

Artigo 92. Suficiencia financeira.

Os recursos de que dispoña a Comunidade Autónoma de Galicia deberán ser suficientes para atender de forma estable e permanente as súas competencias, de xeito que se garanta o acceso aos bens e servizos públicos en condicións de igualdade co resto das comunidades autónomas.

2. Para a determinación das necesidades de gasto deberán tomarse en consideración todos os factores que inflúen no custe de prestación dos bens e servizos públicos en Galicia. A estes efectos, e consonte co que estableza no seu caso a Lei Orgánica prevista no artigo 157.3 da Constitución, serán en todo caso obxecto de consideración:

- a) A poboación e os usuarios dos servizos públicos.
- b) A distribución da poboación no territorio, tomando como referencia as entidades de poboación de Galicia en relación co seu número total en España.
- c) O avellentamento da poboación, especialmente nos servizos sanitarios e de asistencia social.
- d) Os residentes no exterior, con demandas de atención social e asistencial que afectan ás necesidades de gasto da Comunidade Autónoma.
- e) A orografía, a climatoloxía e a extensión do litoral como factores de custe para a construción e conservación do de capital público acumulado
- f) A existencia dunha lingua e cultura propias.

3. A Comunidade Autónoma de Galicia deberá obter, mediante a participación en ingresos do Estado, os recursos adicionais aos obtidos por medio de **taxas** tributos cedidos, ata cubrir as súas necesidades de gasto.

Os poderes públicos requirirán que as necesidades de gasto tomen en consideración as atencións en que ha de incorrer a Comunidade Autónoma para atender as demandas de carácter social e asistencial dos galegos residentes no exterior. A súa cuantificación será efectuada pola Comisión Mixta de Asuntos Económicos Galicia-Estado.

Artigo 93. Nivelación de servizos

1. Activaranse os mecanismos de nivelación previstos no artigo 158.1 e na lei orgánica do artigo 158.3 da Constitución cando, mediante os recursos derivados do sistema de financiamento das comunidades autónomas non se chegue a cubrir un nivel mínimo de servizos públicos equiparables aos do conxunto de España.
2. A Comisión Mixta de Asuntos Económicos Galicia-Estado deberá avaliar os recursos derivados do mecanismo de nivelación do apartado 1 deste artigo.

Artigo 94. Revisión do modelo de financiamento

- 1.O Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia procederán a revisar quinquenalmente o sistema de financiamento atendendo á evolución do conxunto de recursos públicos dispoñibles, da capacidade fiscal relativa de Galicia e das necesidades de gasto das administracións publicas. Na actualización das necesidades de gasto deberán terse en conta os diferentes elementos de custe previstos no artigo 92
2. A Comisión Mixta de Asuntos Económicos da Comunidade Autónoma de Galicia-Estado deberá proceder a aprobar a actualización derivada do apartado 1, para os efectos oportunos.

Artigo 95. Equilibrio interterritorial

- 1 A Comunidade Autónoma de Galicia participará nos fondos procedentes dos orzamentos do Estado e da Unión Europea destinados a favorecer a cohesión e a converxencia entre os diferentes territorios, de acordo coa normativa legal aplicable, atqa acadar a converxencia en renda por habitante coa media española.



- Partido dos Socialistas de Galicia
-
2. Sen prexuízo das competencias estatais, a Comunidade Autónoma de Galicia asumirá a xestión dos fondos comunitarios que se destinen a actuacións ou a suxeitos radicados no seu territorio.
 3. Os poderes públicos demandarán que, até se acade o nivel de converxencia a que se refire o n.º 1 anterior, o Fondo previsto no artigo 158.2 da Constitución sexa reforzado para compensar, no seu caso, a diminución ou perda dos fondos europeos

Artigo 96. Lealdade institucional

O Estado, de acordo co principio de lealdade institucional, deberá garantir a correspondente compensación económica á facenda galega nos supostos en que as disposicións xerais aprobadas polo mesmo impliquen un incremento das necesidades de gasto ou unha diminución da capacidade fiscal da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 97. Autonomía financeira

A Comunidade Autónoma de Galicia determinará o volume e a composición dos seus ingresos no ámbito das súas competencias financeiras . A tal efecto e nese marco os mecanismos de cesión de tributos incluirán o seu rendemento e a capacidade normativa sobre os mesmos.

Sección segunda: Competencias tributarias

Artigo 98. Competencias xerais en materia tributaria

1. A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva para establecer, ordenar e regular a súa facenda, e, polo tanto, capacidade para decidir a composición e contía dos seus ingresos, no seu ámbito competencial, así como para decidir o destino dos seus recursos. Ademais, participará, nos termos que se establezan, na determinación ou

modificación do sistema impositivo que afecte aos tributos cedidos ou que poida ser relevante para a súa aplicación xeral.

2. A potestade tributaria da Comunidade Autónoma de Galicia responderá aos principios de capacidade económica, xeneralidade, progresividade e equitativa distribución da súa carga tributaria. Sen prexuízo da súa función recadatoria, os tributos poderán atender a criterios de política económica, cohesión social e territorial e protección medioambiental. Corresponde ao Parlamento de Galicia a potestade para establecer e modificar os tributos así como para a fixación dos recargos.

Artigo 99. Competencias normativas sobre tributos propios e cedidos

1. A Comunidade Autónoma de Galicia contará con capacidade normativa plena para determinar o volume e a composición dos seus tributos propios e recargos sobre impostos, así como os prezos públicos e outras prestacións de Dereito Público, de acordo co previsto pola lei orgánica á que se refire o artigo 157.3 da Constitución.

2. No marco da citada lei, A Comunidade Autónoma de Galicia contará con capacidade normativa sobre os tributos cedidos total e parcialmente, que lle permita participar na determinación do tipo de gravame, exencións, reducións e bonificacións sobre a base impoñible, así como deducións na cota.

Artigo 100. Competencias en materia de xestión.

1. Correspóndeelle á Comunidade Autónoma de Galicia a xestión, liquidación, recadación, inspección e revisión dos seus tributos propios, así como dos seus prezos públicos e outras prestacións de Dereito Público, e dos tributos estatais cedidos totalmente.

2. Así mesmo, a Comunidade Autónoma de Galicia poderá asumir, a xestión, liquidación, recadación, inspección e revisión dos tributos estatais cedidos parcialmente, de acordo co previsto na lei de cesión, e sen prexuízo da colaboración coa administración tributaria do Estado.

3. Igualmente poderá asumir a xestión, liquidación, recadación, inspección e revisión dos restantes tributos estatais recadados en Galicia a través de convenios ou outras vías de colaboración.

Artigo 101. Administración Tributaria de Galicia.

1 A Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das súas competencias de xestión, disporá de plenas atribucións para a organización e funcionamento dunha administración tributaria propia.

2. A Xunta de Galicia poderá organizar a súa administración tributaria baixo a forma xurídica de ente ou axencia. Esta creación farase mediante lei do Parlamento, que regulará as súas competencias, estrutura orgánica e funcionamento.

3. A Administración Tributaria de Galicia poderá exercer as funcións de recadación e, no seu caso, de xestión tributaria correspondente a concellos e outras administracións públicas que por lei, convenio, delegación de competencias ou encargo de xestión sexan atribuídas á Xunta de Galicia.

4. Para o desenvolvimento do previsto nos núm. 2 e 3 do artigo anterior, as administracións tributarias estatal e autonómica acordarán, no seu caso, a creación de un Consorcio ou doutras formas de colaboración.

5. A Administración Tributaria de Galicia presentará anualmente ante o Parlamento un informe sobre a súa actividade.

Artigo 102. Competencias en materia de revisión de actos tributarios.

1. A comunidade Autónoma de Galicia asumirá, mediante os seus propios órganos económico-administrativos, a revisión por vía administrativa das reclamacións que os contribuíntes interpoñan contra os actos de xestión tributaria ditados pola Administración Tributaria de Galicia, sen prexuízo das competencias en materia de unificación de criterio que corresponda á administración do Estado.

2.. Nos tributos en que se comparta a recadación e, no seu caso, a xestión, a administración do Estado e a administración tributaria de Galicia poderán establecer os mecanismos de cooperación que resulten precisos para o adecuado exercicio das funcións de revisión en vía económico-administrativa.

Artigo 103. Tributos cedidos

A determinación do alcance e condicións da cesión total ou parcial dos tributos estatais á Galicia, e especialmente a fixación das porcentaxes de participación será regulada por Lei, logo de acordo entre Estado e a Comunidade Autónoma no seo da Comisión Mixta de Asuntos Económicos, no marco dos criterios xerais de financiamento.

2. A eventual supresión ou modificación de algúns destes tributos implicará a extinción ou modificación da cesión, sen prexuízo das compensacións que se establezan polo Estado de acordo coa Xunta.

3. O contido deste artigo poderá ser modificado mediante acordo entre o Estado e a Comunidade Autónoma, que será tramitado como proxecto de lei. A estes efectos, a modificación do presente artigo non se considerará reforma do Estatuto.

4. O alcance e condicións da cesión serán fixados pola Comisión Mixta para asuntos Económicos e Financeiros Estado-Galicia. O acordo que se teña acordado a este respecto será tramitado como proxecto de lei do Goberno Central Sección terceira: orzamentos

Artigo 104. Orzamento da Comunidade Autónoma.

1. O orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia ten carácter anual, é único e inclúe todos os gastos e todos os ingresos da Comunidade Autónoma, así como dos organismos, institucións e empresas que dependan da mesma; incluirá tamén o importe dos beneficios fiscais establecidos polo Parlamento de Galicia.

—

2. Correspónelle á Xunta de Galicia a elaboración e execución do orzamento, e ó Parlamento examinalo, emendalo, aprobalo e controlalo.

Partido dos Socialistas de Galicia

3. A lei de orzamentos non poderá crear tributos. Poderá modificalos cando así o prevexa a lei que os teña establecidos.

Artigo 105. Endebedamento.

1. Correspónelle á Comunidade Autónoma de Galicia a determinación dos límites e condicións para alcanzar os obxectivos de estabilidade orzamentaria, respectando a normativa estatal e da Unión Europea.

2. A Comunidade Autónoma de Galicia poderá acudir ao endebedamento e emitir débeda pública para financiar gastos de investimentos, dentro dos límites que determine a lei do Parlamento que autorice a emisión.

3. A Comunidade Autónoma de Galicia poderá realizar operacións de crédito de prazo inferior a un ano para cubrir necesidades transitorias de tesourería, respectando o disposto na lei orgánica prevista no artigo 157.3 da Constitución.

4. Os títulos emitidos por Galicia teñen a consideración de fondos públicos e gozan dos mesmos beneficios e condicións que os que emite o Estado.

Capítulo III. Das Facendas das entidades locais galegas.

Artigo 106. Principios xerais.

1. As facendas locais réxense polos principios de suficiencia, autonomía, equidade e responsabilidade fiscal.

2. As entidades locais teñen capacidade para regular as súas facendas, no marco establecido polas leis. Esta capacidade inclúe as potestades para determinar os seus tributos, así como a autonomía orzamentaria e de gasto

na aplicación dos seus recursos, incluídos os ingresos non finalistas procedentes doutras administracións.

3.. Respectando a autonomía local recoñecida constitucionalmente, correspónelle á Comunidade Autónoma o exercicio da tutela financeira sobre os gobernos locais.

4. Corresponde ás entidades locais, no marco establecido pola normativa reguladora do sistema tributario local, a competencia para xestionar, recadar e inspeccionar os seus tributos, sen prexuízo de que poidan delegala noutras entidades ou organismos públicos.

Artigo 107. Lei de Facendas Locais

1. A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia, no marco do establecido na Constitución e na normativa do Estado, en materia de financiamento local.
2. O Parlamento aprobará a lei de Facendas Locais de Galicia para desenvolver os principios e disposicións establecidos no presente capítulo.

Artigo 108. Fondo de Financiamento Local

1. A lei de Facendas Locais de Galicia regulará a participación das entidades locais nos recursos da Comunidade Autónoma. Esta participación instrumentarase a través dun Fondo de Financiamento Local, de carácter incondicionado, no que tamén se integrarán os ingresos dos entes locais consistentes en participacións en tributos e subvencións incondicionadas estatais.
2. A distribución do Fondo de Financiamento Local no que se refire aos recursos procedentes da participación nos tributos da Comunidade Autónoma efectuarase pola Xunta de Galicia, de acordo co disposto na Lei de Facendas Locais de Galicia. A distribución dos ingresos incondicionados procedentes de participacións en tributos e subvencións estatais efectuarase respectando os criterios básicos establecidos polo

Estado para esta materia. En todo caso os criterios de distribución incluirán a poboación, a superficie, os núcleos de poboación e o esforzo fiscal. Garantírase que ningunha entidade local perciba menos recursos dos que lle atribuiría o Estado aplicando os criterios xerais.

- Partido dos Socialistas de Galicia
3. Toda nova atribución de competencias ós entes locais deberá ir acompañada dos recursos que correspondan o custe efectivo dos servizos que se traspasan. O cumprimento deste principio será unha condición necesaria para que entre en vigor a transferencia ou delegación de competencias.
 4. As modificacións do marco normativo que diminúan os ingresos tributarios locais deberán prever a compensación desta diminución.

Artigo 109. Do Catastro Inmobiliario

A Comunidade Autónoma e as entidades locais participarán coa Administración do Estado na ordenación e xestión catastral, no ámbito territorial de Galicia, de acordo coa normativa aplicable, de xeito que resulte plenamente garantida a unidade de información e a dispoñibilidade de esta para todas as administracións.

Título V. Relacións Exteriores.

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 110.- Principios xerais

1. As relacións da Comunidade Autónoma de Galicia con outras Comunidades, co Estado e coa Unión Europea basearanse nos principios de cooperación, solidariedade e lealdade institucional co fin de contribuír nos respectivos ámbitos competenciais á defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses, á garantía dos dereitos dos seus cidadáns e á prestación eficiente dos servizos públicos en condicións de igualdade.

—

2. Para dar cumprimento ós principios mencionados no apartado anterior os poderes e institucións de Galicia deberán:

- Partido dos Socialistas de Galicia
- a) Respectar o exercicio lexítimo das competencias constitucionalmente atribuídas a cada nivel de governo.
 - b) Prestar, no seu ámbito competencial a información e colaboración que outras administracións públicas puideran solicitar para o eficaz exercicio das súas competencias.
 - c) Impulsar a creación de institucións, órganos ou foros, así como promover convenios e demais instrumentos de colaboración interadministrativa.
 - d) Garantir a axeitada participación e representación de Galicia naquelas institucións, organismos ou foros nos que se contemple a súa presenza.

3. A participación de Galicia nos diferentes instrumentos de cooperación institucional ou de acción exterior non pode alterar en ningún caso a titularidade das competencias da Comunidade Autónoma, nin a distribución das funcións entre os poderes e institucións autonómicas establecidas no presente Estatuto.

Capítulo II.- Relacións co Estado

Artigo 111. Principios xerais na relación co Estado.

- 1. No marco do principio de solidariedade, as relacións da Comunidade Autónoma de Galicia co Estado fundáméntase nos principios de colaboración, lealdade institucional e auxilio mutuo.
- 2. Para os asuntos de interese específico de Galicia estableceranse os correspondentes instrumentos bilaterais de relación. Nos asuntos de interese xeral, Galicia participará por medio dos procedementos xerais e nos órganos multilaterais que se constitúan.

Artigo 112. Comisión xeral de cooperación Comunidade Autónoma de Galicia-Estado

Partido dos Socialistas de Galicia

1. Crease unha comisión bilateral Xunta de Galicia-Estado, de acordo cos principios mencionados no artigo anterior, que constitúe o marco xeral e permanente de relación entre os gobernos da Comunidade Autónoma de Galicia e o Estado, fóra do ámbito económico-financeiro aos efectos seguintes
 - a) A participación, información, colaboración e coordinación no exercicio das competencias estatais que afecten á autonomía de Galicia.
 - b) O establecemento de mecanismos de información e colaboración das respectivas políticas públicas e de interese común.
 - c) A adopción dos acordos que sexan necesarios entre Estado e Comunidade Autónoma, na planificación, elaboración e seguimento das políticas económicas e de regulación de mercados que afecte na Galicia, no ámbito do traspaso de competencias e no labor de facilitar a resolución dos conflitos que puideran xurdir.
2. Esta Comisión Bilateral ten como funcións deliberar, fazer propostas e, de proceder, adoptar acordos en relación con seguintes ámbitos:
 - a) Proxectos de lei que incidan singulamente sobre a distribución de competencias entre o Estado e a Comunidade Autónoma.
 - b) O impulso das medidas axeitadas para a mellora da colaboración entre o Estado e a Comunidade Autónoma, asegurando un exercicio eficaz das competencias respectivas nos ámbitos de interese común.
 - c) Debater, e de ser o caso, concordar as cuestións de interese común que establezan as leis ou formulen as partes.
3. A Comisión Bilateral estará integrada por un número igual de representantes de ámbalas dúas administracións. A súa presidencia exercerase de forma alternativa polas dúas partes, en quendas dun ano.

Artigo 113. Participación nas institucións e organismos do Estado.

A Comunidade Autónoma de Galicia participará nos órganos constitucionais e nas institucións do procedementos que se establezan. Galicia participará nos órganos Estado nos termos e de acordo cos procedementos que se establezan.

Capítulo III. Relacións con outras comunidades autónomas.

Artigo 114. Convenios e acordos de cooperación.

1. A Xunta de Galicia poderá subscribir con outras comunidades autónomas convenios de colaboración, nos supostos, condicións e requisitos que determine o Parlamento de Galicia, para a xestión e prestación conxunta de servizos propios das mesmas. Os convenios de colaboración subscritos deben ser comunicados ás Cortes Xerais, a través do presidente ou presidenta do Parlamento, entrando en vigor aos trinta días de efectuada dita comunicación.
2. O Parlamento solicitará autorización das Cortes Xerais para concertar acordos de cooperación con outras comunidades autónomas.
3. Compételle ao Parlamento de Galicia determinar o alcance, a forma e o contido de ditos acordos, así como establecer os mecanismos de control e seguimento do acordado.
4. Os convenios e acordos subscritos pola Xunta de Galicia con outras Comunidades Autónomas publicaranse no Diario Oficial de Galicia.
5. A Xunta de Galicia impulsará a subscrpción de convenios con outras comunidades autónomas, coa finalidade de promover o coñecemento e o estudio da lingua e a cultura galegas, especialmente entre os residentes de orixe galega. A Xunta prestaralle unha atención prioritaria a colaboración con aquellas comunidades autónomas que conservan nos seus territorios

usos lingüísticos e tradicións culturais vinculadas á lingua e a cultura galega.

Capítulo IV. Relacións coa Comunidade Europea.

Artigo 115. Participación na formación da vontade do Estado.

1. A Comunidade Autónoma de Galicia participa na conformación da vontade do Estado diante das institucións da Unión Europea de xeito bilateral nos asuntos que lle afecten exclusivamente. Nestes asuntos, a posición galega será determinante nas negociacións que se manteñan nas institucións e órganos comunitarios. Nos demais casos, a participación farase no marco dos procedementos multilaterais que se establezan.
2. Para cumplir os principios de autonomía, subsidiariedade e proporcionalidade, o Goberno Central informará á Comunidade Autónoma sobre as iniciativas e propostas en tramitación na Unión Europea podendo Galicia, realizar as observacións e propostas que estime convenientes.
3. A pertenza á Unión Europea e a normativa comunitaria non poden alterar a distribución competencial entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 116. Representación nas institucións europeas.

1. A Comunidade Autónoma de Galicia participa nas delegacións españolas diante da Unión Europea que traten asuntos da competencia de Galicia e especialmente diante do Consello de Ministros e os órganos consultivos e preparatorios do Consello e da Comisión. Esta participación, cando se refira a competencias exclusivas de Galicia permitirá, logo de acordo, exercer a representación e a presidencia destes órganos, segundo a normativa aplicable.

2. A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co Estado, participa, incorporando delegados de seu na representación permanente de España diante da Unión Europea.

3. O Parlamento de Galicia pode establecer relacóns co Parlamento Europeo nos ámbitos de interese común.

Artigo 117. Principios de subsidiariedade e proporcionalidade.

O Parlamento participará nos procedementos de control dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade que estableza o dereito da Unión Europea, en relación coas propostas normativas comunitarias cando ditas propostas afecten a competencias da Comunidade Autónoma.

Artigo 118. Desenvolvemento e aplicación do dereito comunitario.

A Xunta de Galicia desenvolverá e executará o dereito da Unión Europea nas materias da súa competencia, de acordo có que estableza unha lei do Parlamento de Galicia, cando a unión europea mediante a súa lexislación substitúia a normativa básica do estado, a Xunta de Galicia poderá esgotar a lexislación de desenvolvemento directamente a partires das normas comunitarias.

Artigo 119. Accións ante o Tribunal de Xustiza

1. A Comunidade Autónoma de Galicia terá acceso ao Tribunal de Xustiza da Unión nos termos que a normativa europea establecer.

2. En todo caso, a Xunta de Galicia poderá instar ao Goberno Central a iniciar accións perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea en defensa dos intereses lexítimos e as competencias da Comunidade Autónoma. Esta colaborará na defensa xurídica.

Artigo 120. Xestión de Fondos Europeos

Corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia participar na determinación do destino dos fondos europeos territorializables na Comunidade Autónoma, así como a xestión e execución dos fondos europeos aplicados en Galicia, nas materias da súa competencia.

Artigo 121. Delegación diante da Unión Europea.

A Comunidade Autónoma de Galicia establecerá unha delegación para a mellor defensa dos seus intereses diante das institucións da Unión Europea.

Artigo 122. Cooperación rexional europea

A Comunidade Autónoma de Galicia fomentará a cooperación rexional europea, tanto no plano bilateral como multilateral, para a defensa e proxección da personalidade de Galicia, do mellor exercicio das súas competencias e da promoción dos intereses de Galicia no proceso de construcción europea.

Artigo 123. Revisión dos tratados da Unión Europea.

1. A Xunta de Galicia será informada polo Goberno español en relación coas iniciativas de reforma dos tratados da unión europea, así como dos procedementos de subscrición e ratificación dos devanditos tratados.
2. A Xunta de Galicia transmitirá a maior brevidade posible o Parlamento dita información.
3. A Xunta e o Parlamento de Galicia poderán realizar as observacións que estimen oportunas ao Goberno de España e as Cortes Xerais.

Capítulo V. Acción Exterior

Artigo 124. Disposicións Xerais.

1. A Comunidade Autónoma impulsará a proxección exterior de Galicia e promoverá os seus intereses neste ámbito, tanto económicos como os referentes á lingua, cultura e personalidade histórica, respectando a competencia do Estado en materia de relacóns exteriores.
2. Corresponde ao presidente ou presidenta da Xunta de Galicia a representación da Comunidade Autónoma no exterior, sen prexuízo da súa obriga de consulta e información ao Parlamento.
3. A Comunidade Autónoma de Galicia ten capacidade para levar a cabo accións de proxección exterior que se deriven directamente das súas competencias, ben de forma directa ou a través dos órganos da Administración Xeral do Estado. Igualmente impulsará e coordinará, no ámbito das súas competencias, as accións exteriores dos entes locais e outros entes de Galicia, sen prexuízo da súa autonomía.
4. A Comunidade Autónoma , a través do seu presidente ou presidenta, poderá, para a promoción dos intereses de Galicia, subscribir acordos de colaboración no ámbito das súas competencias, debendo informar ó Parlamento.
5. A Comunidade Autónoma, poderá, para a mellor promoción dos intereses de Galicia, establecer delegacións no exterior, que terán a consideración de dependencias oficiais sen rango diplomático, actuando en coordinación e colaboración coa representación oficial española.

Artigo 125. Comisión Mixta Bilateral de Relacións Externas e Comunitarias

1. A Comunidade Autónoma de Galicia e o Estado constituirán unha Comisión Mixta de Relacións Externas e Comunitarias para garantir a máis plena coordinación e colaboración nestes ámbitos.

2.A Comisión Mixta Bilateral estará integrada por un número igual de representantes de ambas administracións, exercendo a súa presidencia de forma alternativa, en quendas de un ano.

Artigo 126. Tratados e convenios internacionais

1.O Goberno do Estado informará previamente á Comunidade Autónoma de Galicia dos actos de celebración ou denuncia de tratados e outros instrumentos internacionais, incluso cando se negocien pola Comisión con mandato do Consello, que afecten directa e singularmente ás competencias de Galicia. A Comunidade Autónoma poderá dirixir ó Goberno do Estado as observacións oportunas e propor, no seu caso, que se integren representantes da Comunidade Autónoma na delegación negociadora. A integración será preceptiva cando as cuestión lle afecten en exclusiva a Galicia.

2. A Comunidade Autónoma de Galicia poderá solicitar do Goberno do Estado a celebración de tratados internacionais en materias do seu interese, nomeadamente con países onde residan galegos e galegas, para unha especial asistencia aos mesmos, así como coa República portuguesa e outros estados da lusofonía. Igualmente poderá solicitar a denuncia cando fosen lesivos para os seus intereses ou limitasen o exercicio das súas competencias.

3.A Comunidade Autónoma de Galicia adoptará as medidas necesarias para a execución no seu territorio dos tratados internacionais e actos normativos das organizacións internacionais, no que afecten ás materias da súa competencia.

Artigo 127. Participación en organismos internacionais.

A Comunidade Autónoma de Galicia participará nos organismos internacionais competentes en materias de interese relevante para Galicia, nomeadamente a UNESCO e outros organismos de carácter cultural ou humanitario, de acordo co que a normativa pertinente estableza.

Artigo 128. Relacións interrexionais.

A Comunidade Autónoma de Galicia poderá promover a cooperación con rexións de outros estados coas que comparta intereses económicos, sociais ou culturais.

Artigo 129. Relacións con Portugal e a lusofonía

1. A Comunidade Autónoma de Galicia impulsará, a través do Estado, as relacións de colaboración coa República Portuguesa. Corresponde ao presidente ou presidenta de Galicia participar nas cimeiras que se celebren entre España e Portugal ou outros países da lusofonía, sempre que se prevexa debater asuntos da competencia de Comunidade Autónoma ou que atinxan singulamente aos seus intereses.
2. Nos acordos, convenios e tratados hispano-portugueses a posición da Comunidade Autónoma de Galicia será determinante, tanto para a negociación como para a ratificación, cando atinxan a asuntos de competencia exclusiva da Comunidade ou que afecten aos seus intereses fundamentais.
3. A Comunidade Autónoma de Galicia fomentará especialmente a negociación de acordos, convenios e tratados de natureza cultural, universitaria ou educativa cos estados da lusofonía, sen prexuízo da dirección da mesma pola administración xeral do Estado.
4. A Comunidade Autónoma de Galicia impulsará o desenvolvimento da cooperación na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, entre todos os axentes e actores implicados.

Capítulo VI. Cooperación Internacional

Artigo 130. Cooperación internacional

1. Galicia fomentará a paz, a liberdade, a solidariedade, o respecto ós dereitos humanos e a erradicación da pobreza. Para contribuír a estes obxectivos impulsará a cooperación cos países menos desenvolvidos promovendo unha orde internacional baseada nunha xusta distribución da riqueza..
2. Nas súas accións de cooperación Galicia debe prestar unha atención prioritaria a outras rexións e pobos cos que comparte intereses económicos, sociais, lingüísticos, ambientais e culturais.
3. Sen prexuízo das fórmulas de acción directa, Galicia poderá subscribir programas e acordos con organizacións ou axentes sociais de cooperación, así como con institucións públicas ou privadas que contribúan a unha maior eficacia das súas políticas de cooperación ao desenvolvemento.

Título VI. Reforma do Estatuto

Artigo 131. Iniciativa e procedemento ordinario

1. A reforma do estatuto farase conforme ao seguinte procedemento:
 - a) A iniciativa da reforma correspóndelle a Xunta de Galicia, ao Parlamento galego, por proposta dunha quinta parte dos seus membros, e á ciudadanía de Galicia, sempre que representen, como mínimo, o 10% dos electores incluídos no último censo electoral aprobado.
 - b) A proposta da reforma requerirá a aprobación do Parlamento galego por maioría de dous terzos.
 - c) Posteriormente a proposta de reforma deberá ser aprobada polas Cortes Xerais como Lei Orgánica.

d) A Lei orgánica aprobada polas Cortes será sometida a referendo que convocará o presidente ou presidenta de Galicia.

2. O Parlamento de Galicia, por maioría absoluta dos seus membros, poderá retirar a proposta de reforma en calquera momento antes da súa aprobación definitiva nas Cortes.

3. Se a proosta de reforma non é aprobada polo Parlamento galego ou polas Cortes Xerais, ou non é confirmada mediante referendo polo corpo electoral, non poderá ser sometida novamente a debate e votación do Parlamento mentres non transcorra un ano.

Disposicións adicionais

Primeira. Necesidades de gasto

1. Fondo para a dispersión. Os poderes públicos de Galicia requirirán que o modelo de financiamento das Comunidades Autónomas tome en consideración, á hora de determinar a contía global das necesidades de gasto de Galicia, os custes en que incorre a Comunidade Autónoma derivados da dispersión da poboación. Para estes efectos crearase un Fondo para a Dispersión, específico, que tomará en consideración o número de entidades de poboación. Os recursos dedicados a este fondo non poderán ser inferiores ao total de recursos que o actual modelo destina a esta finalidade.

2. Fondo para a atención aos residentes no exterior. Os poderes públicos de Galicia requerirán que o modelo de financiamento das Comunidades Autónomas tome en consideración, á hora de determinar a contía global das necesidades de gasto de Galicia, os custes en que incorre a Comunidade Autónoma para atender as demandas de atención social e asistencial dos galegos residentes no exterior. A cuantificación destas necesidades específicas será efectuada pola Comisión Mixta de Asuntos Económicos Galicia-Estado.

Segunda. Tributos Cedidos

1. No momento da aprobación do presente Estatuto a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuídos, nos termos da lei orgánica prevista no artigo 157-3 da Constitución e nas leis específicas de cesión, os rendementos dos seguintes tributos:
 - a) Imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas
 - b) Imposto sobre o Patrimonio
 - c) Imposto Sobre Sucesións e Doazóns
 - d) Imposto Sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados e. Tributos sobre o Xogo
 - f) Imposto sobre o Valor Engadido
 - g) Imposto Especial sobre a Cervexa
 - h) Imposto Especial sobre o Viño e Bebidas Fermentadas
 - í) Imposto Especial sobre Produtos Intermedios
 - j) Imposto Especial sobre o Alcohol e Bebidas Derivadas
 - k) Imposto Especial sobre Hidrocarburos
 - l) Imposto Especial sobre Electricidade
 - m) Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte
 - n) Imposto Especial sobre Labores de Tabaco
 - o) Imposto Especial sobre Ventas Minoristas de Determinados Hidrocarburos

2. A eventual supresión ou modificación dalgún destes tributos implicará a extinción ou modificación da cesión, sen prexuízo das compensacións a que poidan dar lugar.

3. O contido desta Disposición poderá ser modificado mediante acordo entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia, que será tramitado como proxecto de lei. A modificación da presente Disposición non se considerará reforma do estatuto.

Disposicións transitorias

Primeira. Garantía de mínimos

Mentres non se dispoña dunha avaliación completa das necesidades de gasto derivadas das competencias asumidas por Galicia e outras Comunidades Autónomas, que permita establecer os recursos precisos para a súa prestación a niveis e condicións similares en todos os territorios, garantirse que os recursos que correspondan a Galicia por mor dun novo modelo de financiamento autonómico serán cando menos os que correspondan por aplicación do modelo vixente, a prezos constantes.

Transitoriamente, e en canto non se dispoña dunha valoración das necesidades de gasto dos servizos transferidos a nivel estatal que permita establecer os recursos necesarios para que poidan ser prestados a niveles similares en todos os territorios, garantirse que o financiamento que corresponda a Galicia en calquera novo acordo que sexa aprobado manterá, como mínimo, a porcentaxe que sobre o total lle corresponda no último exercicio do anterior acordo.

Segunda. Comisión Mixta de Asuntos Económicos Galicia-Estado

1. No prazo máximo de seis meses desde a aprobación do presente Estatuto deberá constituirse a Comisión Mixta de Asuntos Económicos Galicia-Estado prevista no artigo 88 do mesmo.

2. No prazo máximo de seis meses desde a súa constitución a Comisión Mixta abordará, para a elevación dos subseguientes acordos ao Consello de Política Fiscal e Financeira,

- a) A transformación dos actuais tributos totalmente cedidos en propios.
- b) O establecemento de capacidade normativa na fase minorista do IVE e dos Impostos especiais.
- c) A participación da Comunidade Autónoma nas decisións sobre os tipos de gravame e beneficios fiscais dos impostos parcialmente cedidos.

Terceira. Porcentaxe de participación nos tributos cedidos.

1. O proxecto de lei de cesión de tributos que se aprobe para substituír o actualmente vixente conterá as seguintes porcentaxes de cesión para os impostos que se relacionan:

- a) Imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas (IRPF), unha porcentaxe de cesión do 50 por 100. Considérase producido no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia o rendemento cedido do imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas que corresponda aos suxeitos pasivos que teñan a súa residencia habitual en Galicia.
- b) O Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), unha porcentaxe de cesión do 50 por 100 do rendemento do imposto. A atribución a Comunidade Autónoma de Galicia determinarase en función do consumo no citado territorio.
- c) A porcentaxe de cesión do Imposto sobre Hidrocarburos, do Imposto sobre Labores do Tabaco, do Imposto sobre o Alcohol e Bebidas Derivadas, do Imposto sobre a Cervexa, do Imposto sobre Produtos Intermediarios establecerase no 58 por 100 do seu rendemento. A atribución á Comunidade Autónoma de Galicia será determinada en función dos índices que en cada caso corresponda

- d) A porcentaxe de cesión do Imposto sobre Hidrocarburos, do Imposto sobre Labores do Tabaco, do Imposto sobre o Alcohol e Bebidas Derivadas, do Imposto sobre a Cervexa, do Imposto sobre Produtos Intermedios establecerase no 58 por 100 do seu rendemento. A atribución a Comunidade Autónoma de Galicia será determinada en función dos índices que en cada caso corresponda
- e) As previsións contidas nas Disposicións Adicionais sobre do Fondo de Dispersión e o Fondo para os residentes no exterior.
- f) O reforzamento do Fondo de Compensación Interterritorial e os criterios de distribución do mesmo.

Cuarta. Déficit en infraestruturas.

1. A efectos de compensar os déficit de infraestruturas públicas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, esta será o destino de cando menos o 8% do investimento territorializado dos orzamentos xerais do Estado durante un período mínimo de 10 anos.
2. A Comisión Mixta de Asuntos Económicos Galicia-Estado coñecerá e avaliará os investimentos previstos.
3. A Administración Xeral do Estado comprométese, para dar cumprimento ao principio de transparencia, a publicar anualmente a liquidación dos diferentes programas de investimento que atinxan a Galicia.
4. As transferencias a favor da Facenda Galega para favorecer a cohesión e converxencia interterritorial deberán ser mantidas ata acadar a converxencia en termos de renda por habitante coa media española. O Fondo de Compensación Interterritorial ou instrumento similar deberá triplicar cando menos a súa contía global, en relación co período inmediatamente anterior ao da aprobación de este Estatuto, en euros constantes. Os criterios de reparto entre comunidades autónomas igualaranse aos dos fondos estruturais europeos

.

Quinta. Recursos locais.

A distribución dos recursos entre os gobiernos locais non pode comportar en ningún caso unha minoración dos recursos obtidos por cada un deles, segundo os criterios empregados no exercicio anterior á aplicación do modelo previsto no presente Estatuto.

Disposición derogatoria


Queda derogada a Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía de Galicia.


Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2010

Asdo.: Manuel Vázquez Fernández
Deputado G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M. Fernández Leiceaga
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asdo.: Mar Barco Sánchez
Deputada G.P. dos Socialistas de Galicia


Asdo.: Abel Losada Álvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado G.P. dos Socialistas de Galicia


Asdo.: Concepción Burgo López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Beatriz Sestayo Doce
Deputada G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Roeu
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Deputada G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Modesto Pose Mesura
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Ricardo Varela Sánchez
Deputado G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Francisco Cerviño González
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Mª José Caride Estevez
Deputada G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Manuel Gallego Lomba
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Silva Fraga Santos
Deputada G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Deputada G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

■ Grupo Parlamentario



Asdo.: María Quintas Álvarez
Deputada G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Ismael Rego González
Deputado G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Tomé Roca
Deputado G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Carmen Cajide Hervés
Deputado G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: M^a Soledad Soneira Tajes
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia